

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 31 DE XULLO DE**

**2014**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta e un de xullo de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M<sup>a</sup> Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, do BNG.

Asisten dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López, técnica de xestión de Administración Xeral, por delegación da secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 15 de maio de 2014, á sesión extraordinaria do día 19 de maio de 2014 e á sesión extraordinaria do día 23 de maio de 2014**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 15 de maio de 2014, á sesión extraordinaria do día 19 de maio de 2014 e á sesión extraordinaria do día 23 de maio de 2014.

Non se formulan alegacións polo que a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron todos eles ás citadas sesións, aproba os citados borradores.

## **2. PARTE RESOLUTIVA**

### **2.1. Proposta de aprobación dos festivos locais para o ano 2015**

Vista a proposta da Alcaldía do día 23 de xullo de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 29 de xullo de 2014.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que a proposta é que o ano que vén os festivos sexan o martes de Entroido, que coincide o 17 de febreiro, e o 24 de xuño, San Xoán, dado a que o 16 de agosto, que vén sendo o festivo habitual, coincide o ano que vén domingo.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo van manter o sentido do voto das comisións e van votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Establecer o día 17 de febreiro, martes de Entroido, e mércores 24 de xuño, San Xoán, como días festivos de carácter retribuído e non recuperable no Concello de Cambre para o vindeiro ano 2015.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

## **2.2. Proposta de aprobación de contía de prezo público correspondente ao acordo núm. 1 regulador do prezo público por actividades culturais – Xuntanza do Maior**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación e da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 17 de xullo de 2014, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Aprobar a seguinte contía de prezo público correspondente ao acordo núm. 1 regulador do prezo público por actividades culturais:

ACTIVIDADES SOCIAIS PARA A TERCEIRA IDADE	CONTÍA
Xuntanza de maiores	10,00 euros

Segundo: Publicar este acordo para o seu xeral coñecemento no *Boletín Oficial da Provincia* segundo o disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: Os presentes acordos entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior,

Economía e Facenda do día 29 de xullo de 2014.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que o que traen hoxe a pleno é a aprobación do prezo público para a xuntanza do maior. Realizado un estudo de gastos estimados para o desenvolvemento da xuntanza, teñen uns gastos aproximados de 20.212 euros. Este ano consideran oportuno un pequeno incremento na contía a aboar polos usuarios, que pasa de 6 a 7,50 euros, coa bonificación xa aplicada do 25% de desconto para maiores de 55 anos. A pesar dese incremento, o coeficiente de financiamento por parte dos usuarios é do 25,96%.

Xa o ano pasado, cando trouxeron a pleno a proposta de aprobación do prezo público, na cal tamén se subía 1 euro aos usuarios, adquiriron un compromiso, e seguen mantendo ese criterio, que os usuarios acheguen un pouco máis, pero non moito máis. É a liña que están seguindo actualmente.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que no pleno do ano pasado no que se trouxo este punto na orde do día, en xuño do 2013, xa manifestaron que ao seu grupo lle parecía ben a celebración desa reunión, desa xuntanza, e que tamén era de agardar que se contara coas distintas asociacións da terceira idade do concello á hora de participar ou colaborar na organización, incluso á hora de discutir o prezo público pola asistencia a ese tipo de reunión.

Este ano propónse un incremento, e vai falar sempre do prezo público para os asistentes maiores de 55 anos que teñen unha bonificación do 25%, dos 6 euros que pagaron o ano pasado, aos 7,50 que se pretende cobrar no ano 2014. Están falando dun incremento dun 25%. Como dixo a Sra. concelleira, trátase de cubrir os custos incrementando o prezo aos asistentes.

Entenden que este ano ten habido unha boa xestión en canto á organización. Segundo os datos que lles achegaron, os gastos reais para a celebración deste ano da xuntanza diminúen. Dos 19.600 do ano 2013, pasan aos 18.300 orzamentados para este ano, xa se está producindo unha economía de 1.300 euros.

O incremento do 25% no prezo público aos asistentes, isto é os 1,50 euros máis que o ano pasado, implica unha recadación a maiores de 1.024 euros. Tendo en conta unha previsión de asistentes similar aos que foron o ano pasado, están falando de 683 asistentes.

Se a preocupación do Goberno municipal é a participación nos custos que vai ter lugar como consecuencia da xuntanza, o que é certo é que sen incrementar o prezo público, pasaría do 20,90% que o ano pasado supuxo a participación por asistencia nos custos do evento, a un 22,39% coa economía que se pretende. E se aproban o prezo público que propoñen no día de hoxe, a participación pola asistencia e polo prezo público aboado polos asistentes a esa xuntanza sería do 28% en números redondos. En resumidas contas, están falando dunha economía de 1.024 euros.

Sinceramente lle pregunta ao Sr. alcalde se cre que nun evento como este, que todos entenden como unha homenaxe aos maiores, que se produza unha economía de 1.000 euros vai arranxar algo as arcas municipais.

Pregunta se é tan importante recadar 1.000 euros a costa de que os maiores paguen un pouco máis, en concreto 1,50 euros. Están falando de cantidades mínimas, tamén é certo, pero 1,50 para persoas que en moitos casos están percibindo pensións exiguas, curtas, pois é unha cantidade importante.

Entenden que na balanza de que debe primar máis, se que o concello, as arcas municipais, recaden 1.000 euros máis, ou que aos veciños lles saia por un prezo como o que foi o ano pasado, isto é 6 euros, eles entenden que hai que buscar o interese dos veciños.

Por último dúas cousas. A primeira é que, segundo información do seu grupo, este ano, unha vez máis, non se ten contado coas asociacións municipais da terceira idade para requiririlles a súa opinión en canto ao incremento do prezo público.

Entende, sinceramente, que se está intentando matar unha pulga a canonazos, que é un tema absolutamente menor, menor para as arcas municipais e con certa importancia, ao mellor, para os asistentes á xuntanza, tendo en conta que é unha xuntanza cunha participación importante. Están falando de preto de 700 persoas, e o seu grupo entende que ten que primar o interese neste caso dos veciños, e o interese dos maiores, que para iso os están homenaxeando.

Sinceramente el cre que un tema como este non debería ter máis percorrido, e o adecuado sería retiralo da orde do día. Posto na balanza o que están intentando ou buscando beneficiar ás arcas municipais, e o que se pode encarecer o servizo aos asistentes, aos maiores, entenden que debe primar o interese dos maiores, porque, entre outras cousas, para iso se realiza esta homenaxe.

Repítelle ao Sr. alcalde que están falando de 1.024 euros, e por iso lle quere pedir que retire este punto da orde do día, que quede o prezo público na mesma cantidade que estaba. De todas formas, a redución nos custos que se conseguiu, eses 1.300 euros, como consecuencia dunha boa xestión, hai que recoñecelo, por parte dos servizos municipais en canto a petición de novos custos para a execución do evento, cren que é máis que suficiente. Queda xustificada a proposta que se quere facer dende a concellería en canto a que a participación nos custos, o que representa a participación municipal, sexa menor.

Conclúe dicindo que por iso cre que é de sentido común, e a iso apela, que este punto se retire, que non lle dean máis voltas a un tema que vai representar unha economía de 1.024 euros para o concello e, polo tanto, que o prezo público quede na mesma cantidade que quedou sinalada para o ano 2013.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles vanse abster neste punto. Cren que é excesivo o gasto nestes momentos, así o din claramente. Á parte, cren tamén que non pode existir o mesmo tratamento para os que teñen unhas pensións mínimas, que para os que teñen unhas pensións máximas. E, igual que neste caso, en moitos outros casos nos que o seu grupo non está de acordo, por iso se van abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el cre que unha cuestión como esta, unha xuntanza do maior que vai reunir a moitísimas persoas do concello, como ben dixo un día a concelleira, é un punto de encontro de xente que apenas se ve durante o ano, e neste caso para eles a recadación non debe ter un fin finalista.

De todos modos, dicía a Sra. concelleira que ían cobrar un pouco máis, pero non moito, el non sabe a que se refería con iso dun pouco máis pero non moito. Tampouco é que consideren que sexa unha contía demasiado elevada, evidentemente, pero hoxe en día os veciños de Cambre teñen que facer moitos esforzos, porque se soben 1,50 euros esta xuntanza, se soben 1,50 euros os medicamentos, se soben 1,50 euros un montón de taxas, pois a verdade é que as pensións de 426 euros non chegan para moito.

Conclúe dicindo que, de todos os xeitos, eles neste punto vanse abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que se vai abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai modificar o voto da comisión e vaise abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que ela quere contestar, sobre todo ao voceiro do grupo socialista, que dende logo en ningún momento o que se trata con estas taxas que se lle cobran aos usuarios é de facer caixa, nin moitísimo menos.

A partida da xuntanza, que algúns anos ten pasado dos 20.000 euros que teñen orzamentados, este ano a teñen adecuado bastante, e esa partida está vinculada a outras partidas que son para a terceira idade, é dicir, non vai ser recadar caixa, nin moitísimo menos, vai ser un diñeiro que se vai gastar na terceira idade.

Agora mesmo estase adecuando totalmente o centro da terceira idade de Cambre, estase pintando, cambio de cortiñas, todo o necesario para ter o centro nas debidas condicións. Tamén se está adecuando o centro da Barcala, onde lles pediron unha serie de cousas e vánllelas facer agora mesmo, xa están os orzamentos pedidos.

É dicir, todo iso que dixo o Sr. voceiro de que están para facer caixa, non é para facer caixa, é para compartilo nos centros da terceira idade, que son para maiores.

Dixeron outros anos que esta xuntanza do maior cumpre unha gran función social, e segue a mantelo. Pero no pleno do ano pasado aquí o que dixeron é que neses momentos había que priorizar e ao mellor había cousas máis importantes que estes temas. Iso tamén foi o que dixeron o ano pasado.

Polo tanto, di que a proposta vaise manter tal e como se trae ao pleno, e ela mesma llelo explicará ás persoas da terceira idade, que supón que o entenderán, porque ela comprende que todo aumenta, que todo sube menos os soldos, iso tamén é verdade, pero ela vállelo explicar persoalmente e seguro que van entender tamén que nestes

momentos que están vivindo, a prioridade de servizos sociais tamén é outra. A xuntanza é algo moi importante, algo social, pero agora mesmo tamén teñen outro tipo de prioridades moi importantes.

Conclúe dicindo que vai manter a proposta tal e como veu a pleno.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que, evidentemente, a súa posición en canto a que se retire da orde do día non é unha posición caprichosa, obedece á transcendencia mínima, escasa, nula, diría el, dun tema como este para as arcas municipais, e á repercusión que si pode ter nos maiores, nos eventuais asistentes. Mirarán se o número de asistentes se corresponde co dos outros anos, porque se non, estarán descubriendo que o incremento do prezo público, ao mellor fai que os asistentes sexan menos, aínda que agardan que non, que ninguén quere que non asistan.

De todas formas, di que hai dous motivos sobre todo, ademais do económico, que os levan a votar en contra da proposta.

En primeiro lugar parécelles unha falta de respecto aos maiores que, nun acto de homenaxe a eles, non se lles faga partícipes do que se está realizando, non se fale con eles do incremento do prezo. Eles son os que teñen coñecemento da repercusión real dunha medida como esta nas súas arcas persoais, nas súas facendas persoais.

E sobre todo outro punto que lle parece, non xa unha falta de respecto aos maiores, senón unha falta de respecto a toda a Corporación, e vaise explicar. Di que ten información de que hoxe mesmo, cando están discutindo o prezo público da Xuntanza do Maior, en domicilios de asistentes o ano pasado a ese evento se teñen recibido xa cartas nas que se lles notifica a tarifa de 7,50 euros por participar.

Sen terse aprobado a tarifa, hai domicilios nos que xa se ten recibido unha carta notificando que a tarifa para o vindeiro ano vai ser de 7,50 euros. Dille á Sra. concelleira que é certo, e que xa está ben de erros.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel interrompe para dicir que lle gustaría ver a carta, porque ela non ten constancia.

Don Augusto Rey Moreno dille que non se preocupe, que cando queira, mañá mesmo llela fan chegar.

O Sr. alcalde roga orde. Di que el está aquí para algo, non para unha feira. Ten a palabra o Sr. Rey e cando termine daralle a palabra ao resto de grupos.

Don Augusto Rey Moreno reitera que lle parece unha falta de respecto, xa non soamente aos maiores, senón á totalidade da Corporación, que unha tarifa que están agora discutindo e que é susceptible de ser aprobada ou rexeitada, teña sido notificada xa aos eventuais asistentes á xuntanza. No día de onte recibíronse cartas nalgúns domicilios, con ese tema e coa nova tarifa. Non ten agora constancia de quen a asina, pero así ocorreu, e el está disposto a demostrarllo a quen queira.

Reitera que lle parece unha falta de respecto e, dende logo, o seu voto vai ser un voto en contra da proposta, por todas as razóns que expuxo e por esta última tamén, que non lle parece nin con moito a mellor.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que lle parece surrealista o que están falando aquí neste momento, porque a Sra. concelleira dicía antes que ela persoalmente ía explicarlle ás persoas da terceira idade o incremento do prezo e, efectivamente, parece que a Sra. concelleira non se decatou, pero no día de hoxe chegou unha carta aos domicilios notificándolles xa a xuntanza da terceira idade, os horarios e o prezo, e a carta, para máis inri vai asinada polo Sr. alcalde e pola Sra. concelleira. Pregúntalle á Sra. concelleira se non se dá conta do que firma.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel di que non.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que ás casas chegou asinada polo Sr. alcalde e pola Sra. concelleira, así que con máis motivo lle pide ao Sr. alcalde que retire este punto da orde do día, porque se teñen anticipado a unha decisión que estaba previsto que se tomara no pleno de hoxe. Reitera que ás casas do municipio de Cambre chegaron esas cartas, asinadas polo Sr. alcalde e pola Sra. concelleira.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que ela cre que aquí hai un erro, porque ela é o primeiro coñecemento que ten dese feito.

O Sr. alcalde pídlle por favor que agarde. Di que a el gustaríalle ver esa carta e se a teñen gustaríalle que lla achegaran, porque isto é surrealista. Pregunta cantas cartas tería que asinar el.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que con asinar unha e facer fotocopias é suficiente.

Nese intre, achégase copia dunha das cartas ao Sr. alcalde quen manifesta que non o entende.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, dille que está fácil de entender.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel reitera que non, porque ela non a asinou.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que entón que quere dicir.

Unha vez comprobada a carta presentada, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que ten que pedir desculpas publicamente, porque dende logo, se esta carta se enviou hoxe, vai pedir responsabilidades.

Dende o público asistente á sesión dinlle que se enviou.

A concelleira popular responde que non lle di que non, porque de feito aí teñen a carta. Reitera que pide desculpas publicamente, porque, efectivamente, ela asinoua o 22 de xullo do 2014, é dicir, iso estaba todo preparado. Estarían as cartas, pero ela non tiña coñecemento de que se foran mandar antes do pleno, e se as mandaron, pide

desculpas publicamente a todo o mundo, tanto aos afectados como aos non afectados, porque non pode entendelo.

O Sr. alcalde preguntalle que quere facer co punto da orde do día.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que ela o punto da orde do día o mantén tal e como está, e pedirá desculpas publicamente, en prensa ou onde faga falta, pero o punto da orde do día vai mantelo, se non se aproba, pois non se aproba, e xa está.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que non sabe de que se asombran por non contar coas asociacións, ou a falta de respecto aos que están aquí, non é a primeira vez nin será a última. Funcionan así, lamentablemente funcionan así, pero o lamentable non é que aos membros da oposición lles pareza mal, senón a situación na que queda este concello e este Goberno de cara aos cidadáns e de cara á opinión pública.

Pídelle ao Sr. alcalde que retire este punto da orde do día. Se ten que facer un pleno extraordinario, dille que o faga, por iso con UxC xa sabe que non hai ningún tipo de problema, pero pide que o faga, que o retire da orde do día. É algo asinado o día 22, antes incluso das comisións informativas.

Cre que é inaudito e que non pasou nunca na historia. Antes incluso da xunta de voceiros. Pídelle por favor que retire este punto da orde do día, se non o fai, o seu grupo tamén vai votar en contra.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que haberá que dar explicacións de por que saíu esta carta do concello antes de ser aprobado o asunto no pleno. Ela, dende logo, xa dixo que pide desculpas publicamente, ao mellor asinoua entre outros papeis que tiña e non se fixou, ou o que sexa, pero pide desculpas publicamente e, por suposto, se non se quere aprobar este punto da orde do día, pois queda o prezo do ano pasado, e será o que se manteña.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen manifesta que recoñecido o erro, do que loxicamente pedirán responsabilidades a ver por que esa carta saíu do concello, el vaise encargar persoalmente de pedir esas responsabilidades, porque é inaudito, pero ben, dito isto, retírase o punto da orde do día e quedará o prezo público correspondente ao ano pasado.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño sinala que quedou sen contestar unha pregunta que el fixo nas comisións, e que ía mirar a Sra. concelleira respecto do que viña na páxina web e a documentación que se lles entregou.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel responde que a contestación é que está sen actualizar. Estes días actualizarase.

Así pois, o Sr. alcalde retira da orde do día a aprobación do punto 2.2. Proposta de aprobación de contía de prezo público correspondente ao acordo núm. 1 regulador do prezo público por actividades culturais – Xuntanza do Maior.



### **2.3. Proposta de aprobación do expediente núm. 2/2014 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores**

Vista a proposta da Alcaldía do día 23 de xullo de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 29 de xullo de 2014.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que é o segundo expediente de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, por facturas por importe de 26.331,54 euros, que non poden imputarse ao orzamento do 2013 por ter sido presentadas no concello no ano 2014, ou ben porque son facturas que foron obxecto de reclamación polos servizos técnicos.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai manter o voto da comisión e vanse abster.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles nas comisións pediron se lles podían facilitar un informe antes do pleno, non foi así e non saben por que. Gustaríalle que lle contestaran.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe manifesta que está pedido o informe, en efecto, pero en dous días non foi posible realizalo. En canto o teñan dispoñible, enviarállelo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que a verdade non sabe o que van votar aquí, porque eles necesitan os informes técnicos que avalen que as facturas que Emalcsa lle cobra ao concello están ben cobradas. Igual que se lles pasa un informe de que a subministración que fixo Fenosa está aprobada pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, necesitaban outro igual sobre o tema da auga.

Cre que cando se traen estes temas a pleno teñen que vir acompañados dos informes que se necesitan para a valoración. Polo tanto, o seu grupo neste caso vaise abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo mantén o voto das comisións e vaise abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu grupo tamén se abstén.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente número 2/2014 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2014 por importe de 26.331,54 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NÚM. FACTURA	DATA	NIF	NOME / DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
<b>CONCEPTO FACTURA</b>				
03110410125099	29/04/2011	B82207275	<b>UNIÓN FENOSA COMERCIAL, S.L.</b>	4.087,01
SUBMINISTRACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA POLIDEPORTIVO OS CAMPÓNS: DO 27/01/11 AO 01/04/2011				
FE13321128158200	31/07/2013	A08431090	<b>GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.</b>	378,71
SUBMINISTRACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA A BREXO 9999 CC BOMBEO: DO 21/06/2013 AO 19/07/2013				
FE13321127508401	18/07/2013	A08431090	<b>GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.</b>	1.636,15
SUBMINISTRACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA A ANCEIS 10 CC BOMBEO: DO 19/04/2013 AO 23/05/2013				
26208426	15/01/2014	G28029643	<b>SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES</b>	127,50
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN QUINTETO CLAQUETA 26/10/2013				
A201496291	27/02/2014	A15031727	<b>E.M.A.L.C.S.A.</b>	1.621,96
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A ABRIGOSA, 2-A: DO 27/03/2013 AO 28/06/2013				
A201497585	27/02/2014	A15031727	<b>E.M.A.L.C.S.A.</b>	1.710,56
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A TABEAIO, 54-A: DO 27/03/2013 AO 28/06/2013				
A201497468	27/02/2014	A15031727	<b>E.M.A.L.C.S.A.</b>	2.391,92
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A TABEAIO, 69-A: DO 27/03/2013 AO 28/06/2013				
FE13321133273902	16/10/2013	A08431090	<b>GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.</b>	14,13
SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL AO LOCAL 3ª IDADE A BARCALA: DO 08/08/2013 AO 10/10/2013				
28E	29/09/2013	76343864X	<b>IGLESIAS DOMINGUEZ MANUEL ANTONIO</b>	1.597,20
REPARACIÓN AIRE ACONDICIONADO ALCALDÍA				
26443521	11/04/2014	G28029643	<b>SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES</b>	68,11
DEREITOS DE AUTOR ACTUACIÓN BANDAS CORAIS (17/08/2012) FESTAS CAMBRE 2012				
26469767	18/05/2014	G28029643	<b>SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES</b>	24,20
DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN OBRA "NON HAY LADRÓN QUE POR BIEN " O 09/11/2013				
13IF103494	26/04/2013	A79408720	<b>COMERCIAL GRUPO ANAYA, S.A.</b>	599,66
SUBMINISTRACIÓN 60 LIBROS LETRAS GALEGAS 2013				
A2014227999	28/05/2014	A15031727	<b>E.M.A.L.C.S.A.</b>	4.761,19
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A TABEAIO, 69-A: DO 28/06/2013 AO 30/09/2013				
A2014228124	28/05/2014	A15031727	<b>E.M.A.L.C.S.A.</b>	4.197,38
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A TABEAIO, 54-A: DO 28/06/2013 AO 30/09/2013				
A2014226823	28/05/2014	A15031727	<b>E.M.A.L.C.S.A.</b>	3.115,86
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A ABRIGOSA, 2-A: DO 28/06/2013 AO 30/09/2013				
<b>TOTAL</b>				<b>26.331,54</b>

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.

#### **2.4. Aprobación, se procede, da modificación dos acordos de constitución da Mesa de Contratación**

O Sr. alcalde fai constar que nas comisións informativas decidiuse que este punto quedara sobre a mesa e convocalo para o vindeiro pleno.

#### **2.5. Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación do día 21 de xullo de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 29 de xullo de 2014.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que dende o comezo deste programa no curso 2004-2005 a demanda deste servizo foi en aumento en todos os centros, menos no Emilio González López en Brexo-Lema, quizais por ser un centro máis pequeno e polo horario escolar, xa que entran máis cedo que noutros centros, como é o de Sigrás, que é de características similares.

Vistas as inscricións no prazo marcado e todos os centros, decatáronse que o número foi superior ao mínimo establecido na ordenanza vixente en todos os centros menos no de Brexo-Lema, onde houbo 7 solicitudes.

A intención é que este servizo se poña en marcha en todos os centros, xa que é un programa de conciliación de vida laboral e familiar de gran necesidade para as familias solicitantes, incluso para as de Brexo-Lema, aínda que non existen o número de solicitudes necesario e son inferiores ao establecido na actual ordenanza. Agardan que unha vez que se poña en marcha, as demais familias de Brexo-Lema coñezan este servizo e poidan xurdir máis solicitudes.

Expón que para poñer en marcha o servizo en Brexo-Lema é necesario modificar a ordenanza, cambiando o mínimo de 13 a 6. O máximo era de 26 e agora queren aceptar todas as solicitudes presentadas en prazo, como xa se estaba facendo ultimamente, sempre e cando haxa orzamento para facelo.

Conclúe dicindo que ese é o cambio da ordenanza, que quedaría modificada no sentido en que en vez de 13 o mínimo de alumnos será 6.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que quere intervir brevemente para celebrar a sintonía, ironicamente falando por suposto, co Goberno municipal, por canto esta proposta coincide sospeitosamente, en fin, que é unha burda copia dun dos acordos contidos na moción que o partido socialista presentou no pleno de maio e que, como saben os integrantes da Corporación, volven traer ao pleno de hoxe.

En calquera caso, o fin xustifica a apropiación de medios e eles se congratulan porque finalmente as familias con nenos escolarizados no colexio Emilio González López de Brexo-Lema van poder desfrutar deste programa. Di que eles son os verdadeiros protagonistas desta medida e deste acordo.

Engade que seguramente se entende que o déficit económico que non estaba definido, aínda que se cuantificaba en 3.000 euros, que ía supoñer para as arcas municipais implantar o referido programa no CEIP de Brexo-Lema, terá reflexo na partida orzamentaria destinada a este programa. Entenden que así vai ser.

Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar a prol, por suposto.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, quere manifestar en primeiro lugar a satisfacción de que se preste ese servizo no Brexo-Lema, e por suposto van votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que mantén o voto da comisión, a prol.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel agradece o apoio dos grupos e di que non é unha burda copia como o Sr. concelleiro socialista dixo. Iso é consecuencia dunhas conversas mantidas dende principios deste curso, en setembro. Aínda que ela sabía da necesidade deste servizo en Brexo-Lema, foi cando realmente comezaron os pais, a través da Anpa, a falar da necesidade.

Explica que o ano pasado foi totalmente imposible poñelo en marcha, porque cando viron falar co Goberno, o curso estaba comezando e foi totalmente imposible, pero di que foi un compromiso con eles. Ela non sabía se o compromiso ía ser neste sentido ou noutro, o seu compromiso foi solucionar o tema para que puidera poñerse en funcionamento en Brexo-Lema o servizo do Mañanceiro. Non sabía en que sentido naquel momento ía poder facelo, coincidiu co que propón o partido socialista.

A cantidade que propoñía o partido socialista, a ela pareceulle correcta, porque o número de alumnos é 7 e podería ter posto 7, pero era unha proposta que estaba feita de 6, e a ela pareceulle un número máis ou menos razoable, por se hai unha baixa que poida seguir manténdose.

Conclúe dicindo que quere aclarar iso, que non foi unha simple copia, que foi despois dunhas conversas mantidas coa Anpa. De todas maneiras, agradece o apoio.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación do apartado 3 do artigo 2 da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes, que queda redactado como se amosa a continuación:

**“Art. 2 – Prestación dos servizos**

(....)

3. O número de alumnos/as por grupo en cada centro será unha media de 13 como mínimo e no caso dos centros escolares dunha liña o número mínimo de solicitudes necesarias para poñelo en marcha é de 6.”

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional e, polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

**2.6. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta presentada pola Alcaldía o 31 de xullo de 2014. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

**A) Proposta da Alcaldía para designar a nave destinada a base de Protección Civil, situada nos Campóns nº 6 B, Sigrás, Cambre, co nome de “David Pisani Rego”**

Vista a proposta da Alcaldía do día 31 de xullo de 2014.

O Sr. alcalde di que vai dar lectura ao informe e á proposta. Explica que aquí do que se trata é de renderlle unha homenaxe a un home que acaba de recibir a baixa laboral definitiva. Cre que o concello debe renderlle unha homenaxe polo seu labor durante tantos anos neste concello.

O informe foi feito polo coordinador en funcións do servizo municipal e compañeiro de David Pisani. El cre que ten moito mérito porque David Pisani puxo non só traballo,

senón vida e ánimo aos seus compañeiros e pelexou por este concello. O informe di o seguinte:

“Para os efectos de documentar a súa vida profesional para a denominación da base de Protección Civil co novo de ‘David Pisani Rego’ a continuación se nomean os méritos que recaen sobre esta persoa.

- David Gaspar Pisani Rego, nado en Ginebra no ano 1970.

Inicia a súa etapa profesional no ano 1996 como policía local de Cambre, posteriormente continúa a súa traxectoria como voluntario de protección civil no ano 1999, onde colaboraba de forma altruísta.

No 2001 púxose ao fronte da agrupación como presidente dela, a partir desa data a agrupación de voluntarios de Cambre pasou a ser unha referencia para as demais agrupacións do seu contorno.

No ano 2003 accede ao posto de coordinador do servizo de emerxencias e protección civil.

A partir desa data comeza unha grande etapa para el como coordinador do servizo municipal e presidente da agrupación de Cambre. Con novas iniciativas e grandes proxectos que sempre leva a cabo:

Bombeiro voluntario: persoal formado para as intervencións do día a día. Sempre baixo a tutela do servizo municipal.

Un grupo ecuestre: o primeiro en Galicia. Formado para a busca e vixilancia dos montes de Cambre.

Un servizo municipal de emerxencias que empezou cun coordinador e un todo terreo; a día de hoxe, conta con 5 axentes de protección civil, 4 vehículos de emerxencias e 2 todo terreos.

A súa gran preocupación era ter unha base propia e ao final puido conseguir o seu gran sono; a base de Protección Civil situada nos Campóns nº 6 B, en Sigrás.

Propoño que se consideren como suficientes os méritos nomeados para poder poñerlle o nome de David Pisani Rego á base de Protección Civil situada nos Campóns nº 6 B”.

O Sr. alcalde conclúe dicindo que a proposta de Alcaldía é formar unha comisión, se o Pleno o ten a ben, que rematará, loxicamente, con nomear a base de Protección Civil co nome do compañeiro David Pisani.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, agradece, en primeiro lugar, a proposta presentada. Cren que os méritos que David fixo ao longo de todo o seu tempo de traballo neste concello son máis que merecedores do recoñecemento que se lle está facendo no día de hoxe e, posteriormente, unha vez

formada esa comisión, agardan que remate, como non pode ser doutra forma, coa designación do nome da nova base de Protección Civil como “David Pisani Rego”.

O que si botan en falta é que por parte da Alcaldía non se teña dado traslado da proposta ao resto de grupos, polo menos ao grupo socialista non, para que isto en vez de ser unha proposta de Alcaldía puidera ser unha proposta de todos os grupos da Corporación ou, polo menos, da maior parte.

Di que aí queda o seu pequeno reproche que non quere que ensombreza, para nada, este acto e que, dende logo, cren que o recoñecemento que se pon en marcha no día de hoxe é perfectamente claro e xusto, porque protección civil e a seguridade en Cambre non sería o que é nestes momentos se non fora polo compromiso e o traballo, o compromiso persoal máis aló do seu labor como funcionario municipal, desa gran persoa e gran amigo que é David Pisani.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que el non vai engadir nada máis ao que dixo o voceiro socialista, están totalmente de acordo, foi sempre moito máis aló do estritamente profesional en canto a este tema. Cren que é xusto o que se está facendo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, sen máis, van votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que vota a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vota a prol, e di que está de acordo con todo o que se ten exposto aquí. É unha persoa que ten loitado moito, e a Agrupación de Protección Civil hoxe en Cambre é o que é sen dúbida grazas a el, que tamén ten loitado por esa base. Cre que é algo que se merece.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Designar a base de Protección Civil, situada nos Campóns nº 6 B, Sigrás, Cambre, co nome de “David Pisani Rego”, en recoñecemento dos especiais merecementos que quedaron acreditados no expediente de concesión de honores e distincións incoado por proposta da Alcaldía, polos seus méritos sociais e profesionais.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o

concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **B) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á modificación da ordenanza que regula o “Programa Mañanceiro”**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/5963 o día 26 de xullo de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“Corría o ano 2004 cando o Concello de Cambre, logo de escoitar numerosas peticións e suxestións de pais e nais de escolares do noso concello, dirixidas a crear un servizo de apertura dos centros de educación infantil e primaria antes do comezo da xornada lectiva, toma a decisión de instaurar un programa destinado a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar das familias de Cambre.

No curso escolar 2004-2005, pónse en marcha un novo programa de protección, vixilancia e almorzo dos escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria, máis coñecido como “Programa Mañanceiro”.

O “Mañanceiro” concíbese como un servizo propio que pretende dar resposta ás demandas familiares derivadas do desfase existente entre os horarios escolares e laborais, cubrindo as necesidades de atención das nenas e nenos a través de actividades; así como ofrecer un servizo de almorzo equilibrado que os pais ou familiares, en moitos casos, vense imposibilitados de prestar axeitadamente. Este é o obxectivo principal do “Mañanceiro”.

A ordenanza que regula o “Programa Mañanceiro” foi obxecto de diversas modificacións ao longo da súa andadura. Non obstante, dende o grupo municipal dos Socialistas de Cambre consideramos que, despois de 10 anos de evolución do servizo, e a pesar das modificacións sufridas, cómpre redefinir mesmo o obxecto social, educativo e a finalidade mesma do programa; unha revisión, actualización e adaptación integral do “Mañanceiro” por canto:

- A pésima redistribución da riqueza económica, o endurecemento e precarización no acceso ao mercado laboral, a anemia das prestacións e das políticas sociais que están a poñer en práctica os diferentes gobernos do Partido Popular, a progresiva desaparición das conquistas sociais en materia laboral e de educación, unidas á perda de cobertura social e apoio á familia, inevitablemente repercuten significativa e negativamente na infancia.

- O “Mañanceiro” ten que poñerse en valor para que siga a ser un instrumento de socialización. Ten que ser un recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social. A sociedade actual esíxenos fomentar e potenciar a educación en valores, valores como a xustiza social, a igualdade, a solidariedade, a corresponsabilidade... e o “Mañanceiro” pode ser unha ferramenta eficaz para isto. A



ordenanza ten que reforzar o protagonismo das nenas e nenos do noso concello no programa.

- A ordenanza ten que recalcar máis se cabe a importancia do almorzo e dunha alimentación sa que favoreza o crecemento físico e o desenvolvemento intelectual dos nenos; garantindo un almorzo a quen o solicite, e máis nestes tempos.

- A mera participación no mercado laboral, en moitos casos non é suficiente para escapar da precariedade, mesmo da pobreza. En Cambre hai familias que non gozan do “Mañanceiro”, simplemente, porque non poden pagalo.

- Posto que a falla de traballo, mesmo a precarización laboral, son as causas principais da pobreza; o benestar material das nenas e nenos en fogares onde se teñen reducido drasticamente os ingresos ten empeorado significativamente, limitando o acceso os recursos educativos complementarios básicos e de ocio ou entretemento. En Cambre hai nenas e nenos vivindo en familias onde non entra ningún ingreso.

- Tal e como está concibido o mercado laboral na actualidade, buscar traballo tamén é traballar.

- As familias monoparentais e as familias con nenos con discapacidade teñen máis difícil co resto calquera tipo de conciliación.

- O “Mañanceiro” tense que instaurar e prestar sen excepción en todos os centros públicos de educación infantil e primaria do noso concello. A ordenanza ten que ser flexible e garantir o acceso a este programa para que o servizo poida chegar a todas as familias que o soliciten.

- O actual escenario de progresiva deterioración económica e social está a provocar efectos devastadores entre as vítimas máis vulnerables que están a pagar as consecuencias desta maldita conxuntura económica e social, que golpea especialmente a quen non ten capacidade de resposta, a quen non é capaz de racionalizar o que está a pasar no seu entorno, aos máis febles, aos máis indefensos: os nenos; porque na actualidade, a pobreza no noso país ten cara de neno e desgraciadamente, Cambre non é un oasis no medio deste deserto.

Os Socialistas de Cambre consideramos que unha sociedade que non coida a súa infancia, é unha sociedade que renuncia ao seu futuro. Para os Socialistas de Cambre pobreza e dignidade son incompatibles.

Non imos a abafar con datos porque o certo é que as cifras, as estatísticas, certamente esconden unha realidade desoladora, xa se teñen traspasado toda as liñas vermellas: a pobreza está a deixar amaiada á cidadanía real.

O verdadeiramente importante é a realidade social que estamos a vivir. Os Socialistas de Cambre dicimos que as políticas de promoción da familia son o mellor antídoto para combater e superar esta mal chamada crise. Quen está a soportar o peso sobre as súas costas e as súas economías é a familia. Esta situación agrávase na medida

en que as políticas sociais non teñen sido reorientadas e continúan a ser parches, accións ou iniciativas dirixidas a cubrir mínimos.

Fronte a esta situación, os Socialistas de Cambre reclamamos do Goberno municipal políticas propias, políticas feitas en Cambre e dirixidas ás familias de Cambre, que teñan reflexo nos orzamentos municipais, en recursos suficientes e partidas axeitadas asignados exclusivamente á infancia, que minimicen a evidente descoordinación que existe entre as diferentes administracións en materia de protección á familia.

No pleno ordinario do pasado mes de febreiro, onde se aprobaron as tarifas e reducións do “Programa Mañanceiro”, urximos ao señor alcalde a que nos fixera chegar unha proposta de alcance de modificación da ordenanza que regula o devandito servizo, acorde cos tempos que viven a inmensa maioría das familias de Cambre.

Recibida resposta por “silencio administrativo” do señor alcalde, o grupo municipal dos Socialistas de Cambre presenta ante o Pleno a seguinte proposta de acordos:

Primeiro: Modificar as porcentaxes que, como regra xeral, aboan o Concello de Cambre: 20%, e as familias dos beneficiarios do servizo: 80% por alumno na actualidade, polo 30% e o 70% respectivamente.

Segundo: Eliminar da ordenanza o tope de 3 alumnos por centro para gozar da gratuidade do servizo, previo informe de valoración remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre. No contexto actual 3 é un número aleatorio e insuficiente.

Terceiro: Rebaixar de 13 a 6 o número mínimo de alumnos para implantar o servizo nos CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás e Emilio González López de Brexo-Lema, por estar enclavados nun entorno con menor densidade de poboación infantil e, consecuentemente, menor porcentaxe de alumnado.

Cuarto: O Concello de Cambre custeará, sobre as tarifas por alumno, o 50% do servizo aos alumnos que con base na baremación aprobada que figura na ordenanza, sumen 4 puntos ou máis; en lugar do 30% actualmente en vigor.

Quinto: O Concello de Cambre custeará o 50% do servizo aos nenos que vivan en unidades familiares onde un dos pais estea en situación recoñecida de desemprego, e o 100% do servizo aos nenos que integren unidades familiares onde ningún dos pais teña traballo.

Sexto: O Concello de Cambre custeará o 100% do servizo ás familias monoparentais e ás familias con fillos con discapacidade, en idade escolar, que soliciten acollerse ao servizo.

Sétimo: No caso de familia numerosa, aplicaranse as seguintes porcentaxes de bonificación do servizo a custear polo concello:

- 50% no caso dun alumno/fillo beneficiario.
- 60% no caso de dous beneficiarios

- 70% no caso que haxa tres beneficiarios..... e así progresivamente ata chegar ao 100% do custo do servizo.

Oitavo: Os acordos acadados incorporaranse inmediatamente á ordenanza e entrarán en vigor a partir do curso 2014-2015.

Noveno: Dar conta do contido da presente moción e dos acordos acadados á dirección dos centros de ensino afectados por esta ordenanza e aos representantes de país de alumnos (ANPAS) dos respectivos centros de educación infantil e primaria do Concello de Cambre.”

Faise constar que antes de dar lectura ao punto terceiro dos acordos, don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, aclara que lle dá lectura, aínda que o retiran da moción.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que en nome do seu grupo quere agradecerlle ao concelleiro don Jesús Bao o esforzo que está facendo en prol de mellorar a ordenanza do “Mañanceiro”.

Tamén manifesta que o seu voto vai ser abstención, porque como ben saben os informes sobre este asunto aínda están pendentes de realizar polos funcionarios de habilitación nacional. En tanto non os teñan e non saiban da legalidade destes acordos, ou da oportunidade, no seu caso, destes acordos, non se queren pronunciar.

En todo caso, o compromiso xa leva en firme dende hai dous meses, que farán eses informes en canto sexa posible, co fin de traelos a pleno para a súa ratificación. Conclúe dicindo que esa é a súa postura.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, pregunta se o Sr. Andreu lle pode especificar que informes están pendentes de emisión, ou se hai algún informe emitido. Logo si lle gustaría facer unha referencia, dende o punto de vista da legalidade á que alude o Sr. Andreu, a unha cuestión que non é interpretable respecto dos informes.

Se o Sr. alcalde lle permite di que lle vai ler a esta Corporación o que respecto dos informes di a Lei de réxime xurídico das administracións públicas, que establece respecto da natureza dos informes o seguinte no artigo 83.1, que agás disposición expresa en contra os informes serán facultativos e non vinculantes.

Di que no caso dos informes internos do concello a regra sen excepción é o carácter non vinculante dos informes que emiten os funcionarios e o persoal laboral, tanto dos informes técnicos como dos informes xurídicos.

Respecto do prazo de emisión dos informes, non sabe se os informes non están feitos porque non se teñen solicitado, porque se os tiveran solicitado, deberían estar feitos. Unha de dúas, ou o Sr. alcalde non ten a autoridade necesaria para facer valer a súa petición, que ao fin e ao cabo é quen pediu os informes, ou hai unha irresponsabilidade pola súa parte á hora de pedir os informes cando sabe, ou polo menos é o que lles expresan os seus concelleiros, dos problemas de saturación dos funcionarios respecto do traballo que teñen encomendado.

Como dixo, respecto dos prazos o apartado 3º do artigo 83 establece que de non emitirse o informe no prazo sinalado e sen prexuízo da responsabilidade na que incorra o responsable da demora, neste caso o responsable é o Sr. alcalde, poderanse proseguir as actuacións, calquera que sexa o carácter do informe solicitado, xa que os procedementos administrativos teñen como fin o interese público, e este non pode verse subvertido pola demora ou tardanza na emisión de informes.

Así mesmo, o apartado catro establece que o informe emitido fóra de prazo poderá non ser tido en conta ao adoptar a correspondente resolución.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que todo iso que comenta o Sr. concelleiro está moi ben, pero os informes son preceptivos, efectivamente non son vinculantes, pero son preceptivos, porque están falando da modificación de dúas ordenanzas, a ordenanza fiscal e a ordenanza reguladora. Para facer esas modificacións os informes son preceptivos. É necesario que estean.

El pensa que non teñen claro un concepto, o concepto dos funcionarios de habilitación nacional. Os funcionarios de habilitación nacional, aínda que si que poden levar cuestións que sexan políticas, teñen un labor que é legal, por iso son funcionarios de habilitación nacional. Teñen que estar habilitados e traballan con certa independencia e non seguindo as instrucións que lles dan os políticos. Por iso os informes son preceptivos e os teñen que emitir eles, non outras persoas. Esa é a cuestión.

Continúa dicindo que eses informes son obrigatorios, e faranse cando se poidan facer, como xa lles explicaron, porque o Sr. Bao presenta esta moción outra vez, despois de dous meses, cando hai quince días tiveron unha reunión onde lle explicaron os motivos da demora. Unha reunión á que foi convocado por eles, que non foi o Sr. Bao o que pediu a reunión, senón que foron eles os que o chamaron para dicirle que estaban tardando con eses informes porque teñen enriba da mesa cinco ou seis procedementos de contratación que están subvencionados por varios centos de miles de euros, por varios centos de miles, e os prazos de xustificación son moi curtos. E resulta que a mesma persoa que ten que tramitar eses expedientes é a que ten que facer un dos informes que están solicitando.

Segue dicindo que se eles teñen que poñer enriba dunha balanza, facer un informe á unha moción do PSOE, aínda que é moi importante e eles están totalmente comprometidos a facelo, ou poñer en risco a obtención de centos de miles de euros en subvencións para o Concello de Cambre, el entenderá que eles fixen as prioridades por onde teñen que estar. E as prioridades para eles son esas cuestións que teñen prazo.

Continúa dicindo que isto mesmo explicáronllo en privado, non poderá dicir que non, hai quince días. O Sr. concelleiro volve presentar a moción, e el comezou agradecéndolle o esforzo que está facendo por mellorar a ordenanza e o reitera, agrádelle o esforzo que está facendo por melloralala, o que si que lle pide é un pouco de comprensión. Sabe que a secretaria municipal estivo varios meses de baixa, e aínda está ranqueante, por iso non está hoxe, aínda que xa está de alta. Coincidiron as vacacións e teñen o persoal que teñen. Di que están intentando corrixir esta

situación, van intentar contratar a outro técnico para reforzar o asunto, pero mentres non o poidan facer é complicado, porque a situación que teñen de persoal é a que é. Xa saben que non poden contratar persoal e o que teñen que facer é priorizar esa acumulación de tarefas que teñen, e a prioridade que teñen é non perder subvencións, esa é a prioridade que teñen, porque as subvencións reportarán en obras, servizos e subministracións en beneficio dos veciños de Cambre.

El o que lle pide é que teña paciencia, porque eles teñen todo o interese do mundo en facer eses informes e en mellorar todo o posible a ordenanza, pode asegurarllo. Pode asegurarllo porque así llo transmite a concelleira, o alcalde, e pode dicirllo el, e está a dicirllo en público. Pero as cousas ao seu tempo, pídelle que non pretenda poñer en risco cuestións moi importantes para os veciños porque ten demasiada prisa. As cousas hainas que facer, pero hainas que facer cando se poidan facer.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que o Sr. Andreu fala de que acoden a unha reunión á que eles lles convocan. Pídelle que diga tamén que os convoca quince minutos despois de que o seu grupo presentara por rexistro unha petición expresa desa comparecencia, e pídelle que non diga, por favor, “eu, me, mi, comigo, iso é seu...” Dille que el non presenta ningunha moción, a presenta o grupo municipal dos Socialistas de Cambre e, en calquera caso, teñen acudido a esa e a outras reunións, e tamén é verdade, e ao alcalde ten que constarlle, que antes diso eles, el persoalmente, ten chamado á Alcaldía varias veces, solicitando reunirse.

O Sr. alcalde falou das portas da Alcaldía e que saben onde está, si, pero cando chaman non está, ou non os recibe. Pídelle que fale coa súa secretaria ou co seu responsable de prensa, porque non o ten chamado nin unha, nin dúas, nin tres veces para buscar unha solución a isto. Porque a paciencia, como di o Sr. concelleiro saínte, toda a do mundo, pero o Sr. alcalde leva dende o mes de febreiro facendo o “don Tancredo” con esta historia.

Toma a palabra ao Sr. alcalde para manifestar que el non sabe que problemas terá con el, porque sempre que o chama o xefe do seu grupo, aquí presente, sempre tivo resposta. Dille que ao mellor é un problema seu, que se o faga analizar. Sempre que o chama o Sr. Rey, el atendeo, non ten ningún problema, e co Sr. Bao tampouco ten ningún. Sempre que o chama o seu compañeiro José Manuel Lemos por teléfono, el non ten ningún problema en atendelo, sempre. Ao mellor o Sr. Bao ten moi mala sorte con el. En todo caso, el cre que iso non entra dentro da discusión.

Don Jesús Bao Bouzas manifesta que el segue o procedemento que segue calquera veciño, que é chamar a Alcaldía, atendeo a secretaria do alcalde, e el á secretaria do alcalde dille que quere verse co alcalde e dille o tema que quere tratar. A resposta é “o alcalde non está, xa te chamará”.

O Sr. alcalde sinala que xa lle dixo, que terá algún problema, que non se preocupe, que revisará a axenda, pero isto non é obxecto da orde do día. Dille que non se preocupe que o vai recibir cando queira e á hora que queira.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo, ante a falta dos informes, vaise abster. De todas formas el lle

recomendaría ao Partido Socialista que, dado que trouxo unha moción e que non están os informes, pois que pidan os informes, porque pregunta cando os van ter para poder decidir un voto.

Di que o tema é que aquí se clarifique ou se estime polo menos, cando se van ter os informes, porque para outras cousas si corren, incluso moito antes de aprobalos en pleno, como viron antes.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que eles, en primeiro lugar, querían manifestar o seu agradecemento e os seus parabéns aos compañeiros socialistas por estes acordos que se traen hoxe en forma de moción.

Os acordos que se propoñen, e pasando un pouco por riba do tema dos informes e demais, se se paran a ler cun pouco de sensibilidade, o que representan é, nin máis nin menos, o que debería ser o labor de todos os que están aquí sentados dende o momento en que se sentan nesta bancada, protexer e velar dentro das súas posibilidades, que son moitas, os intereses dos veciños, e neste caso basicamente están falando dos nenos.

Non se poden admitir excusas, nin poden xustificar a abstención do Partido Popular nunha postura, como sempre, moi covarde, escondéndose detrás neste caso da excusa dos informes, que están de acordo en que son preceptivos e que teñen que estar enriba da mesa, pero ao mellor pódese votar a prol e despois, se hai algún tipo de modificación que haxa que realizar, pois realízase, pero a valentía demostrase votando a favor e dicindo que están de acordo, e que se cos informes hai algo que teñen que modificar, que o farán, porque son responsables e así o farán.

Esa abstención segue sendo unha mostra máis deste Goberno, da pouca sensibilidade cos dramas sociais, e como dixera a concelleira de Servizos Sociais hai un par de plenos en relación coa moción que se trouxera por apertura dos comedores escolares no verán, dicía que non estaba de acordo con abrilos porque estigmatizaba aos nenos, e en relación a este tipo de temas o que estigmatiza realmente e o que marca aos veciños é non poder satisfacer as necesidades dos seus fillos, ver como os políticos que están aquí sentados pasan de longo dicindo que é que os informes, é que non poden, é que van ver.

Di que isto é urxente, estas cousas son para xa. Decía o Sr. Andreu, as cousas ao seu tempo. Ela dille que non, que hai cousas que hai que facer no momento. Pódese deixar para o seu tempo o dilatar a actualización da páxina web, arranxar unha beirarrúa, todo iso pode permitirse dilatarase no tempo. Pero todo o relativo a Servizos Sociais, aos nenos, aos maiores, e ao drama que estamos vivindo, tense que facer xa, e a responsabilidade ten que ser xa.

Conclúe dicindo que, evidentemente, van votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, como non podía ser doutro xeito.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que se vai abster.

Don Jesús Bao Bouzas solicita facer unha breve intervención.

O Sr. alcalde contesta que el cre que isto ten unha discusión, e cría que o Sr. Bao xa pechara a cuestión antes.

Don Jesús Bao Bouzas di que, se lle permite, que a pecha.

O Sr. alcalde dille que lle perdoe, pero que o Regulamento orgánico municipal o aprobaron todos eles, non foi o alcalde.

Don Jesús Bao Bouzas di que lle pode ler o 115 do ROM.

O Sr. alcalde dille que non fai falta que llo lea.

Don Jesús Bao Bouzas sinala que, se é tan amable ten que ver con esta moción e é unha deferencia ao grupo municipal de UxC.

O Sr. alcalde dille que o entende perfectamente, pero que o Sr. Bao sabe como é o tema das mocións. El ás veces é moi permisivo e eles abusan desa confianza. O regulamento municipal ten as súas regras, o teñen aprobado todos. Vaile permitir, pero pídelles que o deixe acabar. Dille que peche a moción do seu grupo.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que xa para terminar, e de verdade que non vai intervir máis, di que o 115 do ROM fala das mocións, porque hai varios tipos de mocións. Se lembran os compañeiros desta Corporación no seu momento retirouse a moción por deferencia ao Sr. alcalde que pediu que era mester que estiveran eses informes.

Di que había outra vía, tamén a propuxeron hai dous meses, que é a que se vai permitir lembrar. Di que teñen a consideración de mocións urxentes aquelas propostas que teñan por obxecto o pronunciamento do pleno sobre a necesidade de iniciar determinadas actuacións en asuntos da súa competencia. Neste suposto a moción, unha vez aprobada, se é mester, servirá de resolución de incoación de oficio dun expediente que, tras a súa instrución, se someterá á comisión informativa competente para que eleve o seu ditame á Corporación.

Conclúe dicindo que poden empezar por iso, ou demorar sine die, como suxire o señor concelleiro Felipe Andreu, a aprobación deses acordos.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, simplemente para que conste en acta, porque despois len as actas e parece que el dixo unha cousa que non dixo. Di que non están dicindo para nada que isto quede enriba da mesa. O grupo socialista que vote o que queira votar, a Sra. Olga Santos que vote o que queira votar, e que non lle diga a el o que ten que votar, e o equipo de goberno votará o que teñan que votar.

Di que saben perfectamente o efecto que ten a moción, inicia un expediente. Vai ser o Pleno o que solicite os informes, a partir deste momento. O saben perfectamente.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que van votar a moción, coa retirada do punto tres.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por oito votos a prol, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Modificar as porcentaxes que, como regra xeral, aboan o Concello de Cambre: 20%, e as familias dos beneficiarios do servizo: 80% por alumno na actualidade, polo 30% e o 70% respectivamente.

Segundo: Eliminar da ordenanza o tope de 3 alumnos por centro para gozar da gratuidade do servizo, previo informe de valoración remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre. No contexto actual 3 é un número aleatorio e insuficiente.

Terceiro: O Concello de Cambre custeará, sobre as tarifas por alumno, o 50% do servizo aos alumnos que con base na baremación aprobada que figura na ordenanza, sumen 4 puntos ou máis; en lugar do 30% actualmente en vigor.

Cuarto: O Concello de Cambre custeará o 50% do servizo aos nenos que vivan en unidades familiares onde un dos pais estea en situación recoñecida de desemprego, e o 100% do servizo aos nenos que integren unidades familiares onde ningún dos pais teña traballo.

Quinto: O Concello de Cambre custeará o 100% do servizo ás familias monoparentais e ás familias con fillos con discapacidade, en idade escolar, que soliciten acollerse ao servizo.

Sexto: No caso de familia numerosa, aplicaranse as seguintes porcentaxes de bonificación do servizo a custear polo concello:

- 50% no caso dun alumno/fillo beneficiario.
- 60% no caso de dous beneficiarios
- 70% no caso que haxa tres beneficiarios..... e así progresivamente ata chegar ao 100% do custo do servizo.

Sétimo: Os acordos acadados incorporaranse inmediatamente á ordenanza e entrarán en vigor a partir do curso 2014-2015.

Oitavo: Dar conta do contido da presente moción e dos acordos acadados á dirección dos centros de ensino afectados por esta ordenanza e aos representantes de país de alumnos (ANPAS) dos respectivos centros de educación infantil e primaria do Concello de Cambre.”



### **3. PARTE DECLARATIVA**

#### **3.1. Declaracións institucionais**

Este punto non foi utilizado.

#### **3.2. Mocións dos grupos municipais**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **A) Moción do grupo municipal de EU rexeitando o sistema automático de cita atención primaria telefónica do SERGAS**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/5966 o día 26 de xullo de 2014, xunto cunha moción, rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A privatización e deshumanización da Sanidade é unha realidade que xa non admite ningún tipo de dúbida.

O dano que o Partido Popular lle está facendo ao sistema sanitario é dunha envergadura tal que se ten convertido na única meta do actual Goberno, que queda de manifesto, segundo as propias afirmacións dos conselleiros de Sanidade de diferentes comunidades, en múltiples ocasións, declarando a súa vontade privatizadora da Sanidade Pública.

Somos testemuñas de declaracións tan clarificadoras como as de Fernández-Lasquetti, ao que lle “preocupa un sistema sanitario con funcionarios vitalicios” aos que non poden manexar á súa vontade, ou as de Rocío Mosquera, manifestando a “necesidade de laboralizar ao persoal sanitario.”

Preocúpalle moito ao PP que un médico que non debería ter que ocuparse máis que de exercer a súa profesión, non teña que render contas a ninguén máis que aos seus pacientes, que non teña que pensar no custo económico dun tratamento, que a súa profesión e vocación non dependa dunha conta de perdas e ganancias.

A orientación do PP non é outra que instaurar un sistema no que cada un se pague a Sanidade que poida e deixar as partidas orzamentarias para as cousas que consideran moito máis importantes que a Sanidade e que a saúde, tales como pagar a unha lexión de políticos e asesores ou manter o Senado e as Deputacións.

A Sanidade está sendo tan prostituída que as faltas de respecto polos doentes en particular e polos usuarios en xeral chega a tocar todos os ámbitos, incluído o tema que expón a presente iniciativa.

Despois do fracaso do intento de instaurar un 902 como único número de teléfono para solicitar cita, provocado polas múltiples protestas que a dita medida suscitou, actualmente, o sistema automático de cita telefónica do SERGAS, segue a ser unha imposición que provoca situacións indesexables entre doentes que solicitan unha cita médica.

EU de Cambre iniciou unha campaña de recollida de sinaturas moi exitosa e significativa, por dous motivos basicamente: o primeiro deles, pola cantidade de firmas recollidas e, o segundo, polas conversas mantidas cos veciños en relación a este tema. Como consecuencia das ditas conversas atopámonos coa xente moi descontenta, veciños que non son capaces de pedir unha cita dende a súa casa, persoas que, atopándose nunha situación de saúde delicada, teñen que discernir argucias para enganar a un contestador e conseguir que os atenda persoal sanitario do centro. Actualmente temos recollidas 1038 firmas, cifra moi significativa, se a comparamos co total da poboación de Cambre ou co número de votos acadados polo PP nas eleccións europeas.

Non só EU de Cambre recollemos sinaturas; ante o rexistro central do SERGAS hai presentadas case 7000 máis, correspondentes á área sanitaria da Coruña. Sobra dicir, que o PP fixo caso omiso á dita recollida de sinaturas, ignorando que detrás de cada unha delas hai un doente descontento, desatendido e ignorado polos seus gobernantes.

Como en tantas outras ocasións o PP non se deixa amedrentar porque a xente manifeste o seu descontento en forma de mareas brancas, protestas, manifestacións, ou sinaturas. O proceso devastador de mercantilización da Sanidade, para enriquecer o peto das empresas que van xestionar os servizos sanitarios, non se vai ver escurecida porque os doentes non poidan pedir unha cita telefónica para acudir ao seu médico.

Non pode ser que deixen de beneficiarse desta privatización persoas do PP como o marido de Rocío Mosquera, Agustín Hernández, José Manuel Romay Beccaría, Enrique Castellón, Ana Palacio, Rosario Cospedal e un longo etcétera dos auténticos beneficiarios da Sanidade, políticos que teñen a rebentar os seus petos a costa da saúde dos cidadáns e do aniquilamento do actual sistema de garantías sanitario.

Enténdese a dita obsesión por privatizar a Sanidade se lembramos os 57000 millóns de euros que se destinan á saúde segundo os orzamentos de 2014, e que a cobiza do PP non vai permitir que se invistan en saúde, senón en enriquecer empresas privadas coa escusa de externalizar servizos, a través dunha estratexia para facerse con todos eses miles de millóns de euros que o Estado destina a Sanidade.

A súa cobiza chega tan lonxe que o que ata o de agora era un trámite sinxelo e doado para os doentes, tal como chamar ao seu centro e que o persoal do centro atendera a chamada e lle dera cita, e puidera preguntar se había sitio nunha franxa ou outra,

converteuse nunha odisea na que é necesario dar correctamente 14 pasos sucesivos para obter a citación.

Isto é así porque é un servizo que foi adxudicado á empresa Indra, que era unha empresa pública privatizada por Aznar e Rato. Posteriormente Rato pasou a ser o seu principal accionista. Tralo crack de Bankia, Indra tamén foi saneada con diñeiro público, pero segue en posesión da xestión privada, millonaria, da historia clínica electrónica e da receita electrónica.

Este acceso por unha empresa privada aos datos dos pacientes supón, ademais, unha desprotección de datos persoais, que se fan moi interesantes para centros sanitarios privados vinculados a compañías aseguradoras.

Rato, por outra parte, forma parte do consello asesor de Telefónica, empresa privatizada por el e Aznar e que actualmente controla as telecomunicacións do SERGAS. Casualmente, o SERGAS acaba de adxudicar á UTE Indra-Telefónica o servizo de Hogar Digital Asistencia, que de entrada supón 45000000 de euros máis para as empresas privatizadas por Aznar e Rato.

Con todo isto, e a efectos prácticos, de cada 10 chamadas, 4 non conseguen finalizar o proceso. 4 doentes de cada 10 non poden pedir cita telefonicamente. E moitísimos deses doentes son persoas maiores, que viven no rural, e aos que se lles eliminan a posibilidade de pedir cita telefonicamente, están condenándoos a desprazarse ao centro de saúde a primeira hora da mañá para ser atendidos persoalmente. Así é que os centros de atención primaria están cheos de xente a primeira hora para poder solicitar a tan ansiada cita.

No caso de Cambre, temos aproximadamente 4500 veciños maiores de 60 anos, o que supón un 20% do total da poboación cambresa. 1 de cada 5 veciños de Cambre son, polo tanto, susceptibles de non poder conseguir unha cita telefónica nun primeiro intento, de xeito que estamos condenando aos nosos veciños a depender dun familiar ou a desprazarse ao centro de saúde. A administración, en lugar de facilitar as xestións, as complica e condena aos doentes, sacrificio necesario para poder enriquecerse.

Entendemos que 57000 millóns de euros é unha cantidade que a avaricia, cobiza e malignidade dos membros do PP non poden deixar escapar, pero o noso labor é defender a Sanidade pública dos grandes depredadores que están sacrificando a vida, a saúde, a comodidade e a calidade de vida de doentes, para enriquecerse a costa de xente con enfermidades e un estado de saúde, en moitas ocasións, moi delicado.

Con base no anteriormente exposto o grupo municipal de EU propón ao Pleno da Corporación os seguintes acordos:

**Primeiro:** Esixir á Consellería de Sanidade que retire o servizo de contestador para solicitar cita en atención primaria, retornando ao sistema de atención e cita telefónica polo persoal do centro, levado a cabo por persoal funcionario do SERGAS. Acompañarase ao texto da presente moción as sinaturas acadadas, e serán remitidas xunto co presente acordo á Consellería de Sanidade.

Segundo: Dar traslado da presente moción e dos acordos acadados aos coordinadores e responsables dos centros de saúde de Cambre.”

Faise constar que durante a lectura da moción, concretamente no parágrafo que comeza “Entendemos que 57000 millóns de euros é unha cantidade...”, dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, interrompe á dita lectura para pedir respecto. O Sr. alcalde rógalle silencio ao Sr. Andreu.

A concelleira de EU reinicia a lectura e volve deterse dicindo que é a segunda interrupción e pregúntalle ao Sr. alcalde se vai facer algo, xa que o Sr. concelleiro a esta molestado. O Sr. alcalde dille que pode seguir. A Sra. concelleira di que vai comezar o parágrafo de novo. O Sr. alcalde dille que pode seguir. Ela reitera que vai comezar o parágrafo de novo porque a están interrompendo. O Sr. alcalde dille que vale.

Comezada novamente a lectura do parágrafo e, ante unha nova interrupción, o Sr. alcalde rógalle silencio ao Sr. Andreu e pídelles á Sra. concelleira que, pese a chamalos ladróns e comezar o parágrafo catro veces, el o que lle di é que pode continualo, porque aí está a incluílo a el tamén. Dille que pode continuar co parágrafo, continuar.

A Sra. concelleira manifesta que comeza a lectura do parágrafo onde a volveron interromper.

O Sr. alcalde intervén para dicirlle que non van ter unha lea dialéctica agora aquí. Dille que ela o que pretende é facer incidencia nese parágrafo e el dille que o pode continuar.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López contesta que se non a interrompen o le deseguido.

O Sr. alcalde manifesta que el xa lle chamou a atención a quen a interrompeu e que se a volve interromper, vai botalo á rúa, pero que ela, por favor, xa comezou tres veces e consentiullo, pero a cuarta, non.

A Sra. concelleira di que foi porque a interromperon e que vai comezalo e agarda que non a interrompan. Di que está no seu dereito.

O Sr. alcalde dille que faga o que queira, que a lealdade institucional aquí non se ve por ningún sitio. Pídelles que continúe.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que lle di o mesmo e que vai comezar. A continuación termina a lectura da moción presentada, tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, agradécelle profundamente á Sra. concelleira o esforzo que está facendo por mellorar os servizos públicos no Concello de Cambre. Votarán a prol.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que van votar a prol. Felicita a EU polos obxectivos da moción respecto do

servizo de atención automatizada de petición de cita. Simplemente manifestar que realmente nos últimos tempos en materia de xestión pública viñéronse impondo modas que se foron asumindo sen un mero análise crítico dos seus resultados en canto á eficacia, eficiencia e grao de satisfacción para o benestar dos usuarios dos servizos públicos.

Cre que este é o caso destes sistemas de atención telefónica automatizada que se foron aplicando e xeneralizando na administración pública sen atender ao ámbito no que se aplican. Entenden que precisamente o ámbito no que se intenta aplicar este servizo non é un ámbito adecuado, o da atención sanitaria, por moitas razóns, pero entre outras polas que se expoñen na moción, polos cidadáns que fan en su maioría uso destes servizos, que son fundamentalmente persoas da terceira idade.

Cren que non é eficaz o sistema, porque non cumpre os seus obxectivos. Non se pode solicitar a maior parte das veces unha cita dende a casa de un, senón que obriga aos usuarios, en moitas ocasións, a trasladarse ao centro de saúde, como pon a moción. E entenden que tampouco supón ningún aforro no custo, por unha sinxela razón, porque a petición de cita automatizada non permite cubrir os ocos que se producen nas axendas dos centros de saúde no mesmo día, soamente permite obter unha cita con 24 horas de antelación, de xeito que o que antes sucedía con frecuencia, que era poder chamar no mesmo día e obter citas se quedaba un oco, pois son ocos que quedan sen cubrir, e iso tamén supón un uso ineficiente dos recursos públicos.

Por estes motivos o seu grupo felicita ao grupo de EU e vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol tamén, e quere darlle a en hora boa a EU por traer esta iniciativa.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, felicita a EU pola moción que traen a pleno. Moitas veces dinlles que se traen mocións de asuntos xerais que non inciden na vida diaria do concello, pero esta é clarisimamente unha moción que trata un tema que, sendo xeral, tendo carácter galego, afecta e de maneira directísima a moitísimos veciños de Cambre, e non só a maiores de 60 anos, el concretamente hoxe tivo que chamar para pedir cita telefónica para o seu avó, e por tres veces tivo que repetir a data de nacemento, non sabe se porque a súa voz é moi grave ou a súa entoación un pouco particular, e ao final intentas que te deriven directamente ao centro de saúde, o cal tamén é cando menos peculiar e difícil, porque é a última opción.

Logo simplemente por recoller un pouco o seu guante, fala o Sr. alcalde de lealdade constitucional. Di que el pode estar incluso de acordo en que determinados aspectos dunha moción poden estar mellor ou peor, poden compartilos ou non, esa é unha cuestión dende logo subxectiva. El subscribe punto por punto a moción de EU, e non considera que chame ao Sr. alcalde ladrón, pero se el considera que si o fai e vai votar favorablemente a ela, non sabe onde queda, non a lealdade, senón a coherencia institucional, e así llo transmite. Parécelle incoherente votar a prol dunha moción que segundo o Sr. alcalde lle está chamando ladrón.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao voceiro do BNG que el fai a súa opinión, e punto. Di isto porque a el considérao un membro do BNG, é membro do BNG, e el é membro do PP, e se os 57000 millóns van ao peto dos membros do PP, a el estalle chamando ladrón, por catro veces.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregúntalle como vota a prol.

O Sr. alcalde responde que o seu grupo vota a prol porque está de acordo coa moción, sen tanta parafernalia. É certo que hai que mellorar ese servizo, hai que poñer atención ao público, e por iso votan a prol, pero non hai necesidade de chamarlle ladrón a un membro do PP, é simplemente como aclaración.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el tamén quere felicitar, como non, a EU por esta proposta que fai, está totalmente de acordo coa proposta de mellorar o servizo, sobre todo pensando nos maiores.

Pero di que tamén quere deixar claro que, dende logo, non comparte a maioría dos puntos da exposición de motivos, e non é do PP, nin milita no PP, pero algunhas cousas ata lle parecen un pouco fortes e, de verdade, demagogas e unha falta de respecto, sexa cara ao Partido Popular ou sexa cara a outro partido. Cando se pide un beneficio para uns veciños non cre que haxa que intentar desprestixiar a outros partidos, que teñan estado gobernando ou demais.

Conclúe dicindo que, por iso, a pesar de estar a favor dos acordos, vaise abster na moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e integrante do GM, manifesta que el está totalmente de acordo co que acaba de dicir o Sr. Baamonde e tamén se vai abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que simplemente por facer un exercicio, ben, en principio non sabe nin como chamalo, unha lección de primeiro de concelleiro. Cando entran a tomar posesión do cargo, non sabe se a todos, a ela persoalmente facilitáronlle o manual do concelleiro e cre que para outra vez deberían entregarlles un dicionario, porque hai cousas que non se entenden, é dicir, se eles buscan no dicionario, porque ela é o que fai cando non ten moi claro o que significa algo, e buscou motivo, e están falando non dos acordos, porque os acordos están todos de acordo, vaia a redundancia, onde hai discrepancia é na exposición de motivos. Entón, como non tiña moi claro o que era motivo, buscou no dicionario, e motivo é a causa que determina a existencia dunha cousa ou forma de actuar unha persoa, é dicir, a causa ou razón de algo.

Dille ao equipo de goberno que non poden estar a favor ou en contra dos motivos, os motivos son os que son, son os que levan a EU a traer esta moción, son feitos, son cousas reais, son motivos. Dille ao Sr. alcalde que teña en conta que se ela lle quixera chamar persoalmente ladrón, cre que se coñecen hai tres anos, o faría, e non o está facendo. Pídelle que non interprete cousas que non son e que non vaia de vítima. Está

moi claro o texto da moción, cre que o redactaron claramente, non andaron con segundas tintas.

Tamén lle di outra cousa, que se lle dixeran que están a favor desa exposición de motivos, entón ía correndo a por unha ficha de afiliación a EU, tamén llo di. Evidentemente non poden estar a favor.

Quería dicir con isto que os motivos non son discutibles, se non lle gustan, se non lle gusta esta exposición de motivos ou lle proe, ou lle doe, ao Sr. alcalde ou a calquera dos concelleiros aquí presentes, pódennlle botar azucre.

Conclúe agradecendo o apoio.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el pensa que a que non se escoita é a Sra. concelleira, por iso el a interrompeu, para que repetira tres ou catro veces, e os veciños escoitaran tres ou catro veces as barbaridades que estaba dicindo. Di que ese foi o único motivo, o único, porque eles ían votar a prol, porque están en prol de beneficiar aos veciños. Esta moción presentouse en prol de beneficiar aos veciños, para iso se presentou a moción, o que pasa é que EU aproveitou para lanzar aí unha serie de..., di que é mellor non cualificalas, porque é complicado cualificar a cantidade de barbaridades que se din nesta moción, é complicado de cualificalas, moi complicado.

Di que EU aproveita iso para intentar buscar que o PP vote en contra ou se absteña, pero non. A Sra. concelleira seguro que mirou no dicionario a palabra motivo porque pensaba que o PP ía votar en contra da exposición de motivos, pero dille que non, que eles non votan en contra porque están cos veciños, a que está noutro tema, noutra cousa distinta, e o demostra con esta moción, é ela, que ten unha obsesión, ela ou o seu partido, porque esta moción, esta mesma moción, aínda que diga que a redactaron eles, a presentaron en varios concellos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedirlle ao Sr. Andreu que vaia rematando.

O voceiro do PP expón que o que está claro é que EU está noutra cousa distinta, noutra cousa totalmente distinta ao interese dos veciños. Aproveitan a cuestión duns veciños que nin sequera cando asinaron coñecían o contido da moción. Seguramente se lles puxeran esta moción, seguro que moitos nin sequera a firmaban, pero é un asunto que preocupa aos veciños, e EU aproveitouno para meter esa historia na que está como partido, que é unha obsesión contra o partido que está no espectro contrario.

Conclúe dicindo que iso non é o interese dos veciños, a loita que poidan ter ela e máis el, por iso o PP de Cambre vota a prol, e por iso o único que el pretendeu é que ela repetira tres ou catro veces as barbaridades que estaba lendo.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que el, por alusión á súa persoa por non estar de acordo coa exposición de motivos, quere dicir que el non sabe que ten que ver o feito de rexeitar o sistema de cita telefónica con nomear a Telefónica, Indra, Jose M<sup>a</sup> Aznar, Romay Beccaría, de verdade non o

entende. Que se os políticos do PP teñen os petos cheos, di que os outros partidos ao mellor tamén os teñen, non o sabe. El cre que casos de corrupción teñen en todos os partidos, e no de EU tamén. Conclúe dicindo que, por certo, el non lle vai botar azucre, se lle permite vaille botar sacarina.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que polo menos escoitaron a voz do Sr. Baamonde, a ver se para o vindeiro pleno trae unha moción despois de tres anos e discuten as súas exposicións de motivos.

En relación ao que comentaba o Sr. Andreu, todo iso que lles está dicindo....

O Sr. alcalde pídelle silencio ao Sr. Andreu.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López continúa dicindo que soamente facer un comentario, porque o Sr. Andreu el só se descualifica, el só. Di que non ten por que entrar, soamente hai que preguntarlle á xente que ten que pedir cita, á cantidade de xente que está tirada nas padiolas, nos hospitais, á cantidade de persoal sanitario que se xubila ou falece e non son repostos os seus postos de traballo, todos lamentablemente son usuarios da sanidade, oxalá estiveran sans, pero non é así e soamente hai que ir a un centro de saúde público ou a un hospital público para saber en que se está convertendo a sanidade. Por certo, di que non sabía que el estivera con ela na casa mentres ela redactaba a moción, teríalle posto unhas patacas fritas se o soubera.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG, e abstéñense os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por dezaioito votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **B) Moción do grupo municipal de EU en defensa do pobo palestino e de condena á agresión bélica de Israel**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/5966 o día 26 de xullo de 2014, xunto cunha moción, rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Co pretexto do secuestro e do asasinato non aclarado de tres novos estudantes israelís das colonias en Cisjordania ocorridos o 12 de xuño, o Goberno israelí lanzou



unha vez máis outra das súas operacións de castigo sobre a poboación palestina encerrada na Franxa de Gaza. Mentres o Goberno israelí incitou ás represalias, os lemas racistas e ataques contra a poboación palestina estendéronse nos medios e nas rúas de Israel, o que resultou no asasinato dun adolescente palestino que foi queimado vivo en Xerusalén por uns israelís ultras o pasado 1 de xullo.

O martes 7 de xullo, Netanyahu iniciou unha operación militar de gran envergadura contra a Franxa de Gaza, satisfacendo así as esixencias do seu ministro de Exteriores.

Os bombardeos foron constantes e sacudiron día e noite todo o territorio da Franxa de Gaza. Os brancos do exército israelí foron os barrios máis poboados, golpeando centos de casas, hospitais, ambulancias, unha mesquita á hora do rezo, un hospital xeriátrico, un centro destinado ao coidado de persoas discapacitadas, o sistema de saneamento e de distribución de auga, etc. Foron asasinadas cruelmente ata a data, medio milleiro de persoas, un 80 por cento delas nenos e nenas, mulleres e persoas maiores. Milleiros de persoas feridas e centos de miles de desprazados.

A Franxa de Gaza é unha das zonas máis densamente poboadas do mundo e unha operación de bombardeo masivo non pode supor outra cousa que o xenocidio de poboación inocente. Unha vez máis o Estado de Israel está a demostrar o seu carácter de Estado terrorista cun dos exércitos máis poderosos do planeta, armado pola artillería e coa impunidade e o silencio dunha comunidade internacional e uns organismos de dereitos humanos que só alzan a súa voz e actúan en defensa dos verdugos. Parécenos extraordinariamente grave que a comunidade internacional (EE.UU. e os países da Unión Europea, España incluída) permita ao Goberno de Israel este tipo de comportamentos criminais.

Como en todos os conflitos do mundo, a solución ao conflito entre o Estado de Israel e o pobo palestino virá pola vía do diálogo e a negociación, como reivindicaron dende o pobo palestino miles de veces.

Pola súa banda, o Consello de Seguridade da ONU chamou a israelís e palestinos a restaurar o cesamento do fogo e a protexer á poboación civil en cumprimento da lexislación humanitaria internacional, faino cando xa morreron máis de 200 palestinos e palestinas nos últimos ataques.

Con todo Israel négase a acatar as resolucións internacionais e a respectar os dereitos humanos máis elementais da poboación palestina. A construción do muro en Cisjordania e o bloqueo de Gaza, que dura máis anos, supoñen castigos colectivos para o conxunto da poboación palestina.

Por todo iso, o Pleno do Concello de Cambre adopta os seguintes acordos:

Primeiro: Este concello amosa a súa máis rotunda condena á agresión do Goberno de Israel ao pobo palestino.

Segundo: Instar ao Goberno español a que condene o ataque e que rompan todas as relacións con Israel.

Terceiro: Instar á ONU a que poñan ao Estado de Palestina baixo a protección internacional.

Cuarto: Instar á ONU a crear unha comisión de investigación sobre os bombardeos israelís en Gaza.

Quinto: Esixir ao Goberno de Israel que, en cumprimento da resolución 242 C.S. da ONU, do 22 de novembro de 1967, proceda ao retiro militar dos territorios árabes ocupados a Palestina incluíndo Xerusalén Este, as alturas do Golán de Siria e o Sinaí de Exipto; fixando as súas fronteiras internacionais.

Sexto: Esixir o derrubamento do muro e que reparen os danos ocasionados polo bloqueo.

Sétimo: Promover desde o concello unha campaña de axuda de emerxencia para paliar a situación que se está vivindo na Franxa de Gaza, atendendo así ao chamamento da Cruz Vermella para pedir axuda humanitaria.

Oitavo: Dar traslado dos acordos ao presidente do Goberno, ao ministro de Exteriores, ao embaixador israelí, a todos os grupos parlamentarios do Congreso do Deputados.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que, sinceramente, el condena enerxicamente este conflito porque está en contra da guerra, pero dille que el non se atopa capacitado para tomar partido. Se o Sr. concelleiro lle dixera que se puxera a traballar a comunidade internacional para parar ese conflito, que se condenara totalmente o terrorismo, a agresión militar, que se destrúan as armas, entón el estaría de acordo, votaría a prol, pero di que el non se atopa capacitado para posicionarse nun conflito que se arrastra dende hai moitas décadas, non se pode posicionar.

Di que condena as matanzas que se están realizando, claro que as condena, pregunta como non as vai condenar, e está de acordo no punto sete, en promover dende este concello a campaña de axuda, por suposto que a poñerán en marcha en combinación coa Cruz Vermella, pero o seu grupo non se atopa capacitado para posicionarse. Se o Sr. concelleiro de EU lle pedira que instara á ONU, á comunidade internacional, a que parara este conflito, el votaría que si, pero EU non cita aquí para nada á outra parte do conflito, que para el tamén, unha parte, está abusando da poboación civil e son terroristas.

Conclúe dicindo que por iso o voto do seu grupo vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el cre que discutir agora se a culpa radica nun bando ou noutro pode ser un exercicio propagandístico que só serve para atrasar o desenlace e a traxedia que están vivindo estas persoas nas rúas de Gaza.

Explica que EU o que pretende con esta moción, e ao que tratan de contribuír, é primeiro a sensibilizar a moitísima xente con este problema que hai, e achegar o seu grao de area para que cese a violencia nesas pobos. Iso é do que tratan, e cre que

dende a institución pública, dende os concellos, aínda que son moi pequenos, pero si que poden contribuír.

El cre que ningunha persoa no mundo pode ser insensible ao que está ocorrendo na franxa de Gaza, ningunha persoa. Onte foi a un acto e viu chorar aos palestinos, choraban polos seus familiares e polos seus nenos que morrían nas rúas. El cre que dicir que se van abster nesta moción e non coñecer o problema, e o problema está á vista de todo o mundo. Cre que deben ser sensibles a este tipo de situación, con independencia duns ou doutros bandos. Cre que discutir o dos bandos é prorrogar o problema.

Dixo antes que ninguén debe ser insensible a estes temas, e por iso EU mantén a moción e agarda que os demais grupos e compañeiros da Corporación a apoién.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que en termos xerais están absolutamente de acordo coa moción que se presenta por parte de EU. Cren que se trata da actuación do Goberno de Israel, que non do Estado de Israel, porque dentro do Estado de Israel hai xente, hai xudeus que están en contra desas accións criminais, xenocidas e terroristas de Netanyahu e o seu Goberno. Non hai máis que ver a cara dos nenos para ver que hai terror e hai terrorismo polo tanto.

El quere quedarse cunha pequena parte da exposición de motivos, en xeral con toda a moción, pero na exposición de motivos hai un parágrafo en concreto que lle parece que é por onde terán que ir os tiros unha vez máis, aínda que esta frase non é a máis afortunada, o de ir os tiros, vai ter que ir a solución neste conflito. Cando se di que como en todos os conflitos do mundo a solución ao conflito entre o Estado de Israel e o pobo palestino virá pola vía do diálogo e a negociación, como reivindicaron dende o pobo palestino miles de veces. Pobo palestino e tamén xudeus que viven no Estado de Israel, non tantos como ao mellor quixeran, pero si bastantes. Hai moitos xudeus no Estado de Israel que abominan desa política criminal do seu Goberno.

Di que isto entra un pouco en contradición co punto segundo da proposta de acordo, en concreto cando se fala de que o Goberno español condene, co cal está absolutamente de acordo, e que rompa todas as relacións con Israel, el cre que non se deben romper as relacións diplomáticas con Israel, porque o Estado español, España, o Goberno español, ten que ser, como ten sido xa en moitas ocasións, un dos medios para chamar á conciliación, para chamar ao diálogo a esas forzas, tanto á Autoridade palestina como ao Goberno de Israel, e buscar canais que solucionen ese tremendo conflito humanitario que todos rexeitan.

Dille ao voceiro de EU que non sabe se mantén iso de que se rompan as relacións co Estado de Israel, cre que é un pouco contradictorio co chamamento ao diálogo que fai no parágrafo anterior. Non sabe se lle pode responder a isto, porque cre que ese é un punto especialmente importante e que retirando esa solicitude de ruptura de relacións co Estado de Israel o sentir do seu grupo vai ser maioritario en apoiar a moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o seu grupo non vai retirar nada do que comprende esta moción. Cren que está ben posto, están de acordo en non manter relacións cun Estado que consideran un Estado terrorista, polo

que non van retirar nada. Esta é unha cuestión de conciencia e de humanismo, sobre todo cando están falando de vidas humanas.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que reitera o dito. El cre que conciencia e humanismo teñen todos, ven o que hai, pero non poden mesturar o Goberno de Israel co Estado de Israel, son dúas realidades diferentes. Se manteñen a moción neses termos, a súa posición vai ser de abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu voto vai ser total e absolutamente favorable, non podía ser doutra forma dende unha forza nacionalista e, por ende, antiimperialista, como é o Bloque Nacionalista Galego e que se encadran dentro do que entende que é a esquerda real e a solidariedade entre os pobos. Entenden que a calculada equidistancia entre supostas partes iguais non é senón unha escusa para favorecer neste caso ao máis forte, que é o Estado de Israel.

Nese sentido di que el vaise tomar a liberdade brevemente de facer unha reflexión sobre un punto que se trouxo aquí en concreto, que é o das relacións diplomáticas e a teórica diferenciación entre un substrato que é o pobo de Israel por un lado e o Estado por outro. Di que ao seu xuízo o Estado de Israel é un Estado total e absolutamente terrorista, total e absolutamente nazi, total e absolutamente xenófobo na súa praxe e na súa teoría política, na súa xénese, na súa concepción.

Di que estarían nun debate como o que se deu hai uns trinta anos respecto de Sudáfrica. Había quen dicía que coa Sudáfrica do apartheid había que ter relacións diplomáticas e ir levándoos polo bo camiño e ese tipo de cuestións, e o que se viu foi que o illamento internacional, a firmeza internacional, a solidariedade co máis débil, forzou a aquela ditadura racista e xenófoba a ter que reformularse moitas cousas e acabar por ceder e acabar por derrubarse.

Nestes momentos fai falta que Israel reciba un trato moi firme, un trato moi contundente por parte dos Estados que presumen e se teñen por democráticos, porque un Estado que fai iso non pode formar parte da comunidade internacional, e non pode formar parte nin sequera como convidado, como compañía da Unión Europea ou dese que se pretende chamar mundo libre. Non pode ter acordos preferenciais con eles, non pode participar en multitude de ámbitos sociais, culturais, deportivos, do que entenden que é o mundo que pretende ser das liberdades.

Por outra parte, tamén dicir que se está dando como algo por sentado as relacións diplomáticas que pretende ou implora romper a presente moción de EU, e que foron constituídas no ano 1986, precisamente sería por algo. Foi dunha maneira un tanto peculiar, foi parte do prezo que tivo que pagar naquel momento o Estado español por entrar na UE.

Polo tanto, di que eles fan, como nacionalistas galegos, tamén un chamamento ao Estado español, a que se tanto se quere, teña unha política internacional propia, faga

valer, como fixo por exemplo no seu momento esa persoa da que todo o mundo fala tan ben, que é Adolfo Suárez, faga valer o seu papel e a súa personalidade propia no contexto internacional, e ter discurso propio e tentar cimentar unha paz duradeira entre israelís e palestinos, entre xudeus, musulmáns e tamén cristiáns de diversas advocacións. Iso pasa neste momento por romper relacións cun Estado terrorista e tender todas as pontes, claro que si, á sociedade civil israelí, con independencia do seu credo. Por iso eles apoian esta moción. A consideran moi acaída.

E xa por rematar de meterme en charcos, brevemente, fai unha reflexión. A el persoalmente fálle moita graza ver como xente que navega na total e absoluta equidistancia, sendo polo tanto parte favorable ao máis poderoso en conflitos como o palestino e en conflitos como o do Sáhara occidental, despois non teñen o menor reparo nin a menor vergonza en realizar campañas dunha mal chamada e mal entendida solidariedade, dunha mal chamada e mal entendida irmandade con eses pobos.

O mellor favor que lle poden facer agora a esa xente que está sufrindo o nazismo do século XXI, é romper relacións diplomáticas co Estado teoricamente legal no concerto internacional, que os está a masacrar.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que se vai abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que nada máis que darlle as grazas aos grupos que apoiaron esta moción, e tamén moitas grazas por contribuír á concienciación das persoas, aínda que ás veces moitas persoas cre que non teñen conciencia.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por seis votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

## **4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

### **4.1. Informes do equipo de goberno**

De orde do Sr. presidente, a secretaria por delegación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do informe da tesoureira municipal, de data 16 de xullo de 2014, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao cuarto trimestre do ano 2013.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural.

- Xuros de demora pagados no trimestre natural.
- As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado).
- As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación.

- Do informe da tesoureira municipal, de data 16 de xullo de 2014, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao primeiro trimestre do ano 2014.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural.
- Xuros de demora pagados no trimestre natural.
- As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado).
- As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación.

- Do informe da interventora municipal, de data 30 de xullo de 2014, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cuarto trimestre 2013.

- Do informe da interventora municipal, de data 30 de xullo de 2014, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Primeiro trimestre 2014.

#### **4.2. Rogos**

O Sr. alcalde informa que hai algún rogo pendente do pleno pasado.

#### **Rogo do PSdeG-PSOE presentado por escrito para o pleno do día 26 de xuño de 2014**

Rexistrado de entrada ao núm. 0/5062 o día 21 de xuño de 2014.

- O pasado día 27 de decembro de 2013, publicábase no DOG a Lei 9/2013, do 19 de decembro, denominada “do emprendemento e da competitividade económica de Galicia”. A citada disposición, no seu artigo 41 letra c), manifesta a obriga de obter licenza municipal para “a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles”. Nesta situación atópanse as comisións de festas parroquias que organizan festexos populares no noso concello.

A documentación e requisitos que se esixen para organizar festexos populares nesta lei fai practicamente imposible o traballo xeneroso e desinteresado das comisións veciñais de festas, poñendo en perigo a celebración e mesmo a existencia futura das festas parroquias ou de barrio.

Por todo iso, e á espera de que a lóxica se impoña e a Xunta de Galicia leve ao Parlamento Galego a eliminación deste precepto da mencionada lei, solicitamos se poña a disposición das comisións de festas o equipo de traballadores municipais, co fin de que elaboren as documentacións técnicas precisas para cumprir coa normativa actual de organización de festexos populares.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que o concello non ten efectivos dispoñibles suficientes como para facer ese traballo. De feito di que para facer as festas que se van desenvolver aquí de Sta. M<sup>a</sup> de Cambre, o concello ten contratado a redacción desa famosa memoria. O que si se ten dado prioridade en todo momento é ás comisións de festas nestes temas, de tal maneira que o enxeñeiro sempre ten estado á súa disposición para posibles aclaracións, dúbidas, poñerse en contacto directo cos técnicos que puideran contratar, e sempre se ten dado prioridade absoluta cando se dicía veñen tales festas, tiña prioridade absoluta ese tema.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que as festas se veñen celebrando dun xeito que parece normal. O que lle gustaría saber é se a organización se celebrou ou se levou a cabo en función dos criterios legais que se estableceron, ou ben houbo unha situación, xa non de ilegalidade, senón de alegalidade, ou polo menos se pasou a vista un pouco sobre riba dos problemas que poidan xurdir.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que, polo que ela sabe, a maioría delas presentaron a memoria.

### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/5964 o día 26 de xullo de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Denuncian veciños dos Campóns, residentes no contorno do IES David Buján, que os contedores de lixo situados nas proximidades do polideportivo municipal foron cambiados de situación, e recolocados na beira da estrada provincial CP-1702. Esta nova situación resulta totalmente inapropiada por canto os contedores atópanse pegados ao citado vial, sen espazo ningún para garantir a seguridade dos veciños que van botar o lixo, que teñen perigo de ser atropelados.

Por todo iso, solicitamos que, atendendo á demanda efectuada, se cambien de lugar de colocación os citados contedores, colocándoos nun lugar que garanta a seguridade dos usuarios.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, informa que falaron co Consorcio e van poñer outro punto de recollida na entrada do polideportivo, onde están os contedores de vidro e papel. Van poñer ao lado outro punto de recollida para orgánicos e inorgánicos.

Di que lle dixeron que seguramente mañá, pero senón nestes días.

Dona M<sup>a</sup> Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que lle acaba de chegar a información de que xa están colocados, acáballe de chegar a mensaxe. Agradece a rapidez.

2º Veciños do Graxal manifestan que a entrada e saída do parque infantil sito no Paseo Marítimo non resulta a máis axeitada para garantir a seguridade dos nenos e nenas que o utilizan. O feito de que se atope xusto pegado á calzada que transcorre paralela, fai que, en moitos casos, se teñan producido situacións de perigo de atropelo para os nenos que, xogando, saen correndo del.

Por todo iso, solicitamos que, atendendo as demandas veciñais, se cambie a entrada ao mencionado parque de xogos a outro lugar do seu perímetro que resulte máis seguro para pais e nenos.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que o parque está homologado e que o problema é que hai unha saída, que é a que fai un zigzag na parte de arriba, que ten unha saída directa á beirarrúa. A outra saída que ten na parte de abaixo, ten un abeiro para que os nenos non poidan saír correndo. Algún loxicamente sairá, pero o único sitio onde se podería trasladar esa entrada sería á parte posterior, co cal vanlles dicir que diso nada, non van ir dar a volta alí atrás, porque veñen polo paseo e por aí.

Desprazalo un pouco na zona onde está, pegado contra a cafetería A Terraza, non poden facelo por motivos de seguridade, porque está o bar e está moi pegado, hai que manter unha distancia de seguridade. A única opción que habería sería poñela cara á outra parte de atrás, pero moito se teme que non a usaría practicamente ninguén, usarían a de arriba e os que non, saltarían por riba do valo, porque el xa viu xente saltar por riba do valo e só teñen dúas saídas.

En principio os técnicos a el o que lle din é que non debería haber ningún problema co abeiro, que tal como está non debería de ter ningún problema, pero en fin, algún susto pode habelo.

Dona M<sup>a</sup> Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que ela pasa por alí todos os días e só como suxestión di que ás veces os coches case se meten, porque ás veces os coches non van por onde teñen que ir, e un pouco que se despracen está case enriba do parque. Ela o di porque pasa todos os días por alí, ao mediodía, pola mañá e pola noite, e é un perigo, porque ela ve como saen os nenos. Ante un risco así cre que é mellor probar a pasalo para outra parte, polo menos previr. Iso á parte de ser unha petición que están facendo os veciños que utilizan ese parque.



Don Manuel Marante Gómez manifesta que poden darlle unha volta de torca máis alí, e ver a posibilidade ao mellor de poñer un bolardo ou algo para que os coches vaian máis separados, ver algunha opción. Xa dixo que a única opción de cambiar a entrada sería poñéndoa para a parte posterior, e seguramente moi poucos irían por alí, pero ben, poden velo, e se hai algunha opción de distanciar máis os coches ou tal, pois ven un pouco o tema a ver o que poden facer, pero en principio iso é o que hai.

Dona M<sup>a</sup> Luisa Sanjurjo Cacheiro reitera que o fronte é moi perigoso. Sabe que isto é un rogo e que non debe pasarse de tempo, pero si por favor lle gustaría que o Sr. concelleiro fora unha e dúas veces e que comprobara el mesmo o perigo que ten.

3º O camiño peonil público que dende As Pereiras (confluencia coa estrada AC 214) vai polos chamados Montes Castellanos, ata Armental, atópase cortado por unha árbore, que ten caído este pasado inverno, por culpa dos temporais. Este camiño, referenciado co código 0080 no roteiro municipal, é moi utilizado polos veciños da zona como atallo entre ambos rúes.

Por todo iso, solicitamos se adopten as medidas oportunas para retirar a citada árbore e, así mesmo, se aproveite a ocasión para rozar o camiño en toda a súa lonxitude.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que iso está a facerse xa, que hai varias árbores caídas, hai máis dunha, dúas bastante gordas e despois hai varias pequenas. A brigada contraincendios, que comezou esta semana pasada a traballar, está rozando e máis está cortando as árbores para deixar todo iso listo.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo agradecen a prontitude, porque ademais cónstalle que o Sr. concelleiro estivo alí persoalmente véndoo con algún veciño, iso xa hai meses. Polo tanto, hai que aproveitar a brigada para facer ese traballo.

### **Rogos de UxC presentados por escrito**

Antes de dar lectura ao primeiro rogo presentado polo seu grupo para este pleno, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que primeiro lle gustaría contestar ao Sr. alcalde a un rogo que lle fixo no anterior pleno respecto da Vía Ártabra, cando lle preguntou se algún dos tres membros do grupo municipal de UxC estaba afectado.

O Sr. alcalde dille que do seu partido.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que non, que dixo do grupo municipal.

O Sr. alcalde di que repasará a acta.

O voceiro de UxC dille que si, que a repase e que a repase ben. Do grupo municipal pode dicirlle, do partido ao que pertence dende logo non o sabe porque non o pregunta, non lle vai preguntando un por un. El ao Sr. alcalde preguntoulle polos seus compañeiros de goberno e familia, e non lle contestou, contestou da súa casa.

El dille que dos tres concelleiros do grupo municipal de UxC, ningún está afectado polo trazado aprobado da Vía Ártabra.

A continuación, o Sr. alcalde sinala que se non hai ningún rogo do pleno pasado, pode pasar a dar lectura aos presentados para hoxe.

Rexistrados de entrada ao núm. 0/5949 o día 24 de xullo de 2014.

1º No informe do xefe da Área de Urbanismo do 24 de xaneiro de 2013, entregado a todos os grupos políticos, denúnciase que, en polo menos 38 parcelas, existen irregularidades urbanísticas. Dise que o 62,62% das actividades que alí se dan están ilegais.

Non cabe dúbida de que o alcalde coñece o informe do xefe da área, non se entendería doutra forma.

O artigo 216.3 da Lei do solo de Galicia obriga ao alcalde a tomar medidas cando di: *“En ningún caso poderá a administración deixar de adoptar as medidas tendentes a restaurar a orde urbanística vulnerada ou a repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal.”*

Pero preocúpanos que un alcalde non actúe sobre unha ilegalidade recoñecida no mesmo grao nos preocupa o estado de inseguridade xurídica en que se atopan as empresas que desenvolven a súa actividade nestas naves.

Polo exposto solicitamos:

Se nos informe das medidas, dentro da legalidade, que pensa adoptar o Goberno municipal para eliminar a situación de irregularidade dotando ás empresas afectadas, de seguridade xurídica na súa actividade e evitando actuacións de especulación como as que se propoñían na modificación do Plan parcial que felizmente se paralizou polo seu desacordo coa legalidade vixente.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que as medidas pasan polo Plan xeral. O equipo redactor está estudando a maneira de reconducir esa situación e dar cabida legal a esas empresas.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se non é dende o equipo de goberno, se teñen que agardar a que o equipo redactor dea a solución, o equipo de goberno non propón solucións.

Dona Rocío Vila Díaz explica a empresa está redactando o plan e eles, expuxéronlle este problema, porque falando cos xurídicos que pertencen á Área de Urbanismo, a día de hoxe non ven unha posible solución que non pase por unha modificación puntual das ordenanzas do Plan parcial, ou expedientes de disciplina. Entón, aproveitan a situación de estar redactando o Plan xeral para poder chegar a unha solución.

Don Óscar Alfonso García Patiño agradece a resposta e di que simplemente lles preocupa que o xurista lles comunica que hai 38 parcelas que non están cumprindo, e que o 62,62% das actividades están de forma ilegal. Continúan nesa situación, xa dende xaneiro do 2013 e aínda non atoparon ningunha solución. A verdade é que non sabe se falaron cos empresarios ou se eles achegaron algunha idea.

2º Estando en aproximadamente ao 50% dos cinco meses de ampliación do prazo concedido á empresa encargada de redactar o PXOM, solicitamos:

Se nos informe do grao de cumprimento do programa previsto. Isto é, cales son os documentos presentados e supervisados e cales os que faltan por presentar e revisar.

Rogamos que a información se reflicta sobre a base da folla planning que se nos facilitou no seu día.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que o cálculo estimado é aproximadamente o 60% con respecto ao planning. Están traballando a moi bo ritmo e facendo ao seu entender un bo traballo. No momento no que se incorpore o xefe da Área, que nestes momentos se atopa de vacacións, faralles chegar ese mesmo planning, reflectindo punto por punto as porcentaxes nas que se atopa cada documento.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/5966 o día 26 de xullo de 2014, xunto coas mocións e preguntas presentadas para este pleno.

1º Despois de tres anos de lexislatura o Goberno municipal segue a aboar mensualmente importantes cantidades de diñeiro a empresas sen contrato. Ano tras ano, Intervención segue facendo reparos ás facturas relativas ás contratacións en precario. Ano tras ano, EU require ao Goberno municipal para que solucione esta situación que está a prexudicar moito aos veciños de Cambre e, ano tras ano, non obtemos resposta sobre as xestións realizadas para regularizar as contratacións en precario.

Pregamos se nos informe por que motivo aínda non se nos ten entregada a relación das empresas que prestan servizos en precario no Concello de Cambre, solicitada en marzo de 2014 así como o número, nome e situación de todas e cada unha das empresas que prestan os seus servizos ao concello sen contrato, e cada un dos trámites realizados para regularizar a contratación das ditas empresas.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, explica que antes de que comezara o pleno deixou enriba da mesa do voceiro de EU un correo electrónico que lle remitiu a todos os xefes de área do concello, un par de días despois de que dende EU presentaran ese escrito, para que lle facilitaran esa información.

Di que no seu escrito o voceiro de EU solicitaba dúas cousas, por un lado os servizos que se estaban prestando en precario e, por outro lado, unha valoración ou unha

estimación da valoración do custo anual. Di que nese segundo punto é onde está o problema, porque facer unha estimación do custo anual que pode supoñer a contratación do servizo da auga, por exemplo, ou do mantemento dos parques e xardíns, é unha cuestión bastante complicada. Os parques e xardíns, por exemplo, dependería da aprobación do novo inventario, que por iso se está atrasando, e o tema da auga é un asunto bastante máis complexo, pero di que el ten coñecemento de que o Sr. alcalde xa deu instrucións de que comezaran en serio a facer o estudo, porque é un tema sinceramente complicado.

Conclúe dicindo que ese é o motivo do atraso, que el ten o listado dos servizos que están en precario, de feito algunha vez faláron deles e el mesmo os expuxo, pero facer a valoración xa é outra historia, por iso tardou. De feito poden ver que el en dous días xa lles remitiu instrución a todos os xefes para que lles facilitaran eses datos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, agradece a información, pero dille que sinceramente a el non lles serven desculpas deste tipo, non lles serven. EU ten presentado xa varias iniciativas respecto deste tema, varias veces, e presentaron un escrito no mes de marzo solicitando unha información que non lles deron, e o Sr. concelleiro non se preocupou de informalo de como estaba a situación. Isto foi en marzo, pasaron catro meses.

Di que o equipo de goberno non está contribuíndo coa oposición na fiscalización do Goberno, de verdade lle di. Hai unha serie de servizos que están en precario e que non son garantía de boa prestación neste concello, e o equipo de goberno debería tomar medidas. O concello, evidentemente, ten a obriga de sacalos a concurso. EU pregunta, e non só eles, moitísima xente pregunta por que non se sacan a concurso eses servizos.

O día de mañá, unha empresa determinada que estea prestando eses servizos pode dicir que se vai, que os deixa e el pregúntalles que pasa, que é o que pasa se non hai ningún vínculo contractual con esas empresas, os deixan mangados. A empresa de auga, por exemplo, o día de mañá dilles: “Sres. do Concello de Cambre, mañá marchou”, ou pregunta se hai algún vínculo contractual con esa empresa, ou con outras empresas.

El o que di é que hai unha situación que baixo o seu criterio é ilegal, manifestamente ilegal, porque el quere ver os informes que se fan cando se paga a esas empresas, como están eses informes, porque non se lles facilita nada, e todo o mundo ten que saber que no Concello de Cambre hai empresas que están prestando servizos en precario.

EU insistiu moitísimas veces, e o Goberno municipal non é capaz de facilitarlles os informes, nin o custo que teñen, non son capaces. Está gobernando o PP, e EU pide uns informes e que non lles facilitan, nin se lles di o por que. Non saben nin as empresas que son. Estanlles dando largas dende hai catro meses, porque EU entregouno por escrito e el incluso ten coñecemento dalgún departamento de que non houbo información, pero ben, o correo é bastante explícito, polo menos. É de 18 de marzo e imaxina que está dirixido a todos os departamentos.

Don Felipe Andreu Barallobre pregúntalle que di o correo. O correo di que o grupo municipal de EU pide unha serie de información, e el roga aos departamentos que á maior brevidade lle faciliten eses datos para poderlla facilitar. Iso é o que di o correo electrónico, non minte, o ten enriba da mesa.

El o que lle di ao Sr. Taibo é que non pode dicir que non ten os informes a esas facturas, porque coa Conta Xeral que se aproba, que se trae a pleno todos os anos, ten unha copia dos informes de reparo, están aí para que os consulte. Di que o goberno municipal e el particularmente leva toda a lexislatura dicindo que esa é unha das cousas que tiñan que arranxar, e que teñen que facer todo o posible por arranxalas. Non pode estar máis de acordo con todo o que di o voceiro de EU, absolutamente todo, pero tamén lle di que se non lle facilita a información é porque nin sequera el a ten, porque se a tivera, facilitaríalla sen ningún problema, sen ningún, porque de verdade que non ten nada que ocultar, se tivera a información, dille que non lle caiba a menor dúbida de que lla facilitaría. De feito, solicitou a información inmediatamente que recibiu o escrito de EU. Outra cousa é que el non a ten, e se non a ten non lla pode dar, pero porque non a ten el mesmo.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a el o que lle estraña é que en ningún momento o Sr. concelleiro se preocupara de que non lle facilitaran a información. E que en ningún momento se puxera en contacto co grupo de EU e lles dixera como está a situación no concello, por parte dos técnicos ou o que sexa. Van catro meses, e o que pasa é que eles son suspicaces, así de claro, porque para eles a falta de información, moitas veces e en moitos sitios, chega ao confusionismo e incluso á corrupción política, de verdade lle di que si, aínda que non di que sexa este o caso.

Conclúe dicindo que seguirán pedindo a información, e se non llela dá o concello, terán que recorrer a outro tipo de instancias para que llela faciliten.

O Sr. alcalde dille que non, que non se preocupe que lla teñen que dar, porque este é un empeño que ten o Goberno. Dille que pense que isto é unha pataca quente que eles tiveron que coller, porque isto non é nada novo, hai empresas que levan nove anos e eles levan aquí tres. E cando non hai información no concello en nove anos, a verdade é que facer un histórico do informe do custo que o Sr. Taibo pide, non é fácil por parte dos técnicos, incluso. Non é fácil cando se leva en precario tanto tempo.

Aquí hai dúas ou tres empresas que levan en precario ese tempo, pero van solucionalo, el simplemente pide un pouco de paciencia, porque o van solucionar, tanto parques e xardíns, como o tema da auga, como algunha outra que hai. Se tiveran os informes pregúntalle que problema habería en poñerllos enriba da mesa, ningún.

El sabe que é un tema que hai que solucionar, contratalo e que quede contratado, pero é así.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que é evidente que é así, e así é vergonzoso, que leven así tres anos, porque dilles que están aquí para gobernar Cambre. Chegaron, e o que criticaban hai algúns anos, que criticaban a outro Goberno, porque si que houbo críticas por parte do PP e por parte doutros grupos tamén ao anterior

Goberno, por non actualizar eses contratos, e agora eles fan o mesmo, están facendo o mesmo.

Ante algunhas manifestacións dos concelleiros populares, don Luis Miguel Taibo Casás pregúntalles que como que non, que como non o vai comparar. Hai unha serie de contratos que están en precario e o Goberno non lles dá saída, esa é a realidade.

Esa é a verdadeira realidade, e a xente pregunta que pasa con ese tipo de contratos, aínda que só sexa por pura transparencia.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que esa é a verdadeira realidade, pero que el tamén lle di que se, por exemplo, non se fai unha contratación de varios anos do tema da roza, é porque todos os anos teñen que revisar todas as rúas que se rozan porque non teñen un inventario feito, porque nunca se fixo o inventario neste concello. Fíxose unha vez, aprobouse inicialmente, e deixouse aí, nin sequera se aprobou definitivamente.

O tema das zonas verdes, se non o poden contratar, porque non o poden contratar, é porque nin sequera saben eles cal é o patrimonio do concello e o que teñen que manter. Hai que facer un traballo previo, que é o tema do Inventario de bens municipais e de camiños municipais. Di que esa é a explicación de, por exemplo, dous contratos.

En canto ao tema da auga, o Sr. Taibo sabe perfectamente que é un tema bastante máis complexo, onde xa faláron deste asunto, onde hai distintas opcións que se estiveron sondando, e hai que elixir unha, haberá que facelo, pero é un tema complicado, é realmente complicado, sobre todo pensando nos traballadores que actualmente están na empresa que presta o servizo. Pídelle ao voceiro de EU que se dea conta que o Goberno municipal unha das cousas que está intentando solucionar, e ademais é que é totalmente certo, e el pode preguntarllo a calquera dos traballadores, é que esas persoas unha vez que contraten o servizo non se vaian á rúa, non se queden no paro.

É unha situación complicada, pero dille que non poden dicir que o actual Goberno segue facendo o mesmo que se facía antes, porque eles, por exemplo, saben perfectamente que renunciaron aos contratos negociados sen publicidade, que era unha das cousas das que máis protestou o PP e máis criticaron, eses contratos que se mandaban tres invitacións e practicamente se contrataban a dedo.

Conclúe dicindo que eles esas cousas non as fan. Unha cousa é unha cousa e solucionar algúns problemas que veñen herdados de hai moito tempo, leva tempo solucionarlos, porque o leva. Outra cousa é comparar a situación que teñen agora coa que tiñan antes. Non é o mesmo. A iso se refería.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o Sr. Andreu estalle falando de cuestións que non son. Estalle falando de contratos, ofertas que se mandaban a tres empresas, e el nos contratos aos que se refire non pasaba iso.

Tamén lle pide que non lle fale dos traballadores. Evidentemente que todos teñen esa

sensibilidade e se preocupan polos postos de traballo, claro que si, pero el entende e o Goberno tamén entende, que os traballadores serán subrogados á próxima empresa que colla o servizo.

Neste punto o voceiro de EU pídelles ao Sr. Baamonde que faga o favor e non o interrompa, que ten o costume sempre de apuntillar, sempre ten o costume de facelo, como non ten nada que dicir ten o costume de apuntillar.

O Sr. alcalde lembra que ten a palabra o Sr. Taibo.

Don Luis Miguel Taibo Casás continúa dicindo que sempre cabe a posibilidade, haberá que facer un estudo previo, de que ao mellor o concello é o que ten que xestionar o tema da auga, e que sexa unha xestión pública. Esa é unha das posibilidades, aínda que evidentemente a preocupación de EU son os traballadores, ningún traballador pode quedar sen emprego. El entende, porque así se fai noutras empresas, como a do servizo de limpeza, que os traballadores van subrogados a outras empresas.

Conclúe dicindo que a el claro que tamén lle preocupa o tema dos traballadores, pregunta como non lle vai preocupar, evidentemente, e tamén falou con eles.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, ao fío do que comentaba o concelleiro Felipe Andreu, di que o que non poden facer aquí é enganar aos veciños. O Sr. Andreu estase referindo a un inventario de camiños que leva máis dun ano, en concreto ano e medio, neste concello, ou máis de ano e medio, terminado, entregado pola empresa que o redactou. Di que el mesmo, o ano pasado, por estas datas, asistiu a unha xunta de voceiros onde ao terminar preguntoulle a el, ao Sr. alcalde e á funcionaria que asistía como secretaria accidental, que pasaba co informe do Inventario de camiños. Hai un ano.

Conclúe dicindo que o inventario de camiños está terminado, falta o preceptivo informe, ou acabalo e presentalo aos veciños para facer as alegacións, porque tamén todos son conscientes e saben que, por parte do equipo de goberno, ese informe estase sacando, ese inventario de camiños estase sacando e estase a ensinar a veciños nalgúns sitios. Entón, os veciños están preguntando por que esa discriminación duns sitios a outros. Pídelles que presenten o informe, que presenten o inventario de camiños a todos os veciños deste concello.

Don Felipe Andreu Barallobre dille ao concelleiro socialista que fala dos informes como se os informes os fixeran os políticos.

O Sr. alcalde pídelles ao Sr. Andreu un momento. Di que el deulle a palabra ao Sr. Lemos pensando que ía tratar o tema do rogo que fai EU, pero o que quería é facer un rogo sobre o inventario de camiños.

Don José Manuel Lemos Seoane pregunta se foi el o que sacou o tema do inventario de camiños neste rogo.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que estaba dando unha explicación a un compañeiro.

O Sr. alcalde engade que foi un exemplo, pero non estaban mentindo a ninguén, o inventario de camiños naturalmente que está feito, pero falta o informe preceptivo, e iso ten que facelo a secretaria do concello. O Sr. concelleiro pode poñerlle a el unha pistola no peito e pode mirar para outro lado e facer o que queira, pero iso é así. Loxicamente o Sr. concelleiro o que quere é atacar á parte política, e el enténdeo.

Don José Manuel Lemos Seoane dille que non, pero que se está sacando e se está vendo ese inventario por parte dalgúns veciños, e outros veciños non teñen acceso a el.

O Sr. alcalde pide que lle diga unha cousa, se el ten esa proba, pregúntalle quen é o que ensina ese inventario.

Don José Manuel Lemos Seoane contesta que el non ten por que dicilo aquí.

O Sr. alcalde dille que vale, pero rogaríalle que llo dixera.

O concelleiro socialista responde que llo dirá a el persoalmente.

2º No transcurso da lexislatura o grupo municipal de EU ten presentado múltiples iniciativas en relación coa seguridade viaria no concello, máis concretamente aos problemas existentes derivados da carencia ou mala situación dos pasos de peóns.

Neste caso imos referirnos ao paso de peóns situado nas inmediacións da Ponte e Cela, en confluencia coa senda peonil do río Mero, un dos lugares de importante tránsito peonil e de ciclistas.

Visto o risco que comporta a situación presentada para a seguridade viaria das persoas que transitan polo dito lugar, pregamos, que coa maior urxencia, o Goberno do concello, e máis concretamente a Concellería de Obras e Servizos, tome as medidas correctoras tecnicamente posibles para trasladar a súa situación, co fin de incrementar e mellorar a situación de accesibilidade e seguridade das persoas.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que el falou e comentou cos técnicos o problema en Cela, incluso o comentaron coa Policía municipal e, tanto a Policía como a Garda Civil de Tráfico, aí non teñen constancia de accidentes, nese paso de peóns. Si houbo un accidente precisamente vindo de Brexo-Lema cara a Cambre, dun coche que estaba parado no paso de peóns porque estaba pasando xente e veu un coche por atrás e deulle, pero precisamente onde máis se ve.

De todos modos, di que dende que se ten baixado a velocidade a 40 non teñen constancia de que houbera ningún tipo de problema. O que si parece ser é que se queixan algo os automobilistas de que os ciclistas veñen e non paran. Hai cantidade de ciclistas que chegan e tiran para diante e hai algúns sustos, iso si.

Van ver se hai algunha maneira de que iso non suceda, a ver que idean, pero non polo feito de que estea máis preto ou máis lonxe da ponte. Di que a ver que solución lle buscan para atallar esas queixas que teñen dos automobilistas sobre os ciclistas.



Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, como dixo antes en multitude de ocasións que trouxeron este tema a pleno, é un dos pasos de peóns dos que máis queixas teñen, polo menos o seu grupo. Que non haxa accidentes non quere dicir que non sexa perigoso o paso, porque realmente é.

Efectivamente, os ciclistas o que non poden é cruzar montados na bici, teñen que cruzar coa bicicleta pola man, como así é a normativa, pero que é perigoso está clarísimo, todo o mundo o di, incluso os propios automobilistas que pasan por alí.

Algunhas das persoas que lle fixeron esta queixa dixéronlle que se tiñan que presentar escritos no concello, que os presentaban, así que vailles dicir que presenten os seus escritos para avalar un pouco máis o rogo que fan, porque cren que é necesario que tecnicamente se mire a posibilidade ou de cambialo ou de melloralo, porque o sitio é perigoso e non van agardar. Decía o Sr. concelleiro que non hai accidentes, pero o que non poden esperar é que os haxa.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que está totalmente de acordo, pero que el se refire a que van intentar buscar algo. Non obstante, que veñan os escritos tampouco está mal, porque a estrada é da Deputación e ao mellor tamén así poden implicar un pouco máis a esa entidade.

Continúa dicindo que tamén quería aclarar, en relación con ese tema ao que se estaba referindo o Sr. Lemos hai un momento, respecto dos camiños, que se algúns os viron e outros non, quere aclarar que algúns veciños si os viron, concretamente asociacións de veciños, ou outro tipo de asociacións do concello, sobre todo da parte rural, porque el chamounos para que achegaran ideas e cousas de camiños que ao mellor non estaban aí recollidos, para que se recollesen, pero non se está facendo ningunha discriminación con ninguén. É dicir, foi para que achegasen ideas, ou sinalaran camiños que non estaban recollidos como públicos, e que os veciños sabían perfectamente que eran públicos de toda a vida.

Conclúe dicindo que se o Sr. Lemos se refería a ese tipo de cuestións, efectivamente houbo veciños que viron ese documento antes, para concretamente dende Obras e Servizos pasarlle á empresa redactora esa información que se ía recollendo de veciños, pero non era porque uns o viran e outros non. Foron asociacións de veciños, non outro tema. Só quería aclarar iso.

3º No pleno de decembro do 2013, solicitamos se nos informara acerca do incumprimento dunha moción do grupo municipal de EU pola que se acordou publicar na web do concello as declaracións de bens e actividades dos membros da Corporación municipal. O alcalde comprometeuse, nese pleno a publicar inmediatamente, no prazo dunha semana as citadas declaracións. Transcorridos 6 meses dende o dito compromiso e 15 dende a aprobación da moción, non están publicadas nin as declaracións de bens e actividades, nin o alcalde, novamente cumpre as súas promesas nin palabras.

Con base no anteriormente exposto:

Pregamos nos informe o motivo real polo que o Goberno non dá cumprimento, entre outros, a este acordo, aprobado democrática e legalmente polo Pleno desta Corporación, e esiximos se lle dea cumprimento e se publique inmediatamente.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que están publicados os datos dos concelleiros que expresamente e persoalmente solicitaron que os seus datos de carácter persoal foran revelados publicamente.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta se saben que están incumprindo o Regulamento orgánico municipal.

Don Felipe Andreu Barallobre di que se lle fai a pregunta, el o que lle contesta é que o que non vai facer é incumprir a lei.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille que é unha pregunta retórica, e que el debería sabelo.

Don Felipe Andreu Barallobre indica que se ela quere que fagan a súa publicación, persoal, ela persoalmente pode solicitalo.

A concelleira de EU pregúntalle ao Sr. alcalde se non era a súa palabra.

O Sr. alcalde dille que é ela a que está no uso da palabra.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que, como lle dixo, era unha pregunta retórica, que o dicionario que lle dicía antes non lle viña mal.

Dilles que están incumprindo o Regulamento orgánico municipal en varios artigos. Dillo porque o alcalde tamén fai referencia, e o Sr. Andreu persoalmente fai referencia moitas veces, ao cumprimento do Regulamento orgánico municipal que aprobaron entre todos os que están aquí, dinlles que teñen obrigación de cumprir con el porque é un documento, e EU tamén está de acordo con iso, de obrigado cumprimento, menos na parte que non lles interesa, nesa parte o pasan por alto.

Reitéralles que están incumprindo varios artigos, concretamente o máis importante, para non lelos todos, o 33 punto 6. Non sabe se haberá que modificar ese artigo, se o Goberno terá que traer algún tipo de proposta de modificación, que se votará e se discutirá, pero de entrada están incumprindo, eles, Goberno municipal de Cambre, o Regulamento orgánico municipal. Están incumprindo a democracia deste salón de plenos, que ten aprobada unha moción na que se di que se van publicar. Están incumprindo, ademais, a palabra do Sr. alcalde, porque o Sr. alcalde, no pleno de decembro do 2013, dixo literalmente, está recollido na acta, non o inventa ela: "O Sr. alcalde contesta que de acordo, que tomarán nota e que publicarán inmediatamente na nova páxina web os documentos...", aclara que aínda non estaba a nova páxina, estaba a antiga, e continúa dicindo a acta: "Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta que significa inmediatamente. O Sr. alcalde contesta que, se poden, a semana que vén."

O Sr. alcalde tamén dixo hai dous ou tres plenos, ante a suxestión ademais do Sr.

Carballada, e que lle corrixa se se equivoca, cando lle dicían que tamén era moi interesante que publicaran as súas nóminas, porque as retribucións dos concelleiros da oposición estaban publicadas, o Sr. alcalde dixo que tamén se ían publicar, pero non se publica nada. O único que se publica nesa páxina web é cando corta o bigote, ao día seguinte cámbiase a foto, iso é o que se publica na páxina web.

Conclúe dicindo que ou cumpren todos o Regulamento orgánico municipal, ou di que hai unha frase moi fea, pero vai dicir outra: Ou xogan todos, ou rompen a baralla.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o do bigote cre que non vén no Regulamento orgánico municipal, pero aínda así el o que lle di é que el sabe ben, perfectamente, o que aparece no Regulamento orgánico municipal, pero se ela quere que el publique, ou que o concello publique os seus datos de carácter persoal na web do concello, que non lle caiba a menor dúbida de que ao día seguinte de que o solicite por escrito, ela persoalmente, coa súa rúbrica, eles o publican. Dille que non lle caiba a menor dúbida, cando ela o solicite persoalmente e por escrito. E di que igual para o resto dos concelleiros.

Conclúe dicindo que están publicados os datos de todos os concelleiros que o solicitaron, se ningún o solicitou a dedución é sinxela.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López indícalle que non hai que solicitalo. Eses datos, segundo o artigo 33 punto 6: “As declaracións de bens e actividades presentadas polos membros da Corporación publicaranse...”, non di que se solicite “... publicaranse con carácter anual no mes de xullo, na páxina web municipal, que será de libre acceso”.

Continúa dicindo que respecto do que di, ademais, minte, porque na declaración de bens non hai nin un só dato de carácter persoal, agás o nome, os apelidos, o enderezo e o número de teléfono, que non son. Evidentemente o seu número de teléfono se non o quere publicar, loxicamente non se publica, pero o resto son nome e apelidos. E di que ten aquí a súa declaración de bens que, xunto coa do seu compañeiro, si que están publicadas na páxina web de EU e no seu blog, porque o concello está incumprindo o Regulamento orgánico municipal.

No apartado 1 figura o patrimonio inmobiliario. Di que o dela, desgraciadamente, está baleiro, pero patrimonio inmobiliario, clase, tipo, descrición, emprazamento, valor catastral, data de adquisición e observacións. Non son datos de carácter persoal.

No apartado 2, depósitos en conta corrente. Di que están incumprindo o regulamento, e todo isto está xustificando e argumentando, partindo de que están sendo incumplidores do regulamento. Segue dicindo que nese punto 2, depósitos en conta corrente, aí non teñen que poñer canto ten ningún deles nas contas, o que pon é clase, é dicir, depósito á vista, conta de aforro, e entidade de depósito, Abanca ou o que sexa.

No tres, outro patrimonio inmobiliario, accións, participacións, non pon importe, en ningún momento se fai referencia a esa cantidade, dise o tipo.

Vehículos. No seu caso aí si que aparece un Seat León que todos coñecen. Data de

matriculación, setembro do 2002. Non aparece a matrícula.

Obras de arte, semoventes. Non hai custo. Non se solicita, como é lóxico e como non pode ser doutra forma nese documento de carácter público, que se faga constar canto teñen cada un deles nas contas.

É unha declaración de bens, e tamén é unha declaración de actividades, porque a declaración de actividades exactamente o mesmo, a que actividades se dedican cada un deles.

Insiste en que se está incumprindo o Regulamento orgánico municipal, e di que ela se dirixiu ao Sr. alcalde persoalmente, porque adquiriu un compromiso, e a ela gustaríalle que dera resposta a ese compromiso. A posición do Sr. Andreu xa a coñecen perfectamente, quedou moi clara na moción que aprobaron en febreiro do 2013, quedou clarísima.

Di que ela non lle vai a pedir ao Sr. alcalde que publique absolutamente nada, o que ten que facer é cumprir co Regulamento orgánico municipal.

O Sr. Andreu interrompe para dicir que está ordenando.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López contéstalle que non, que llo ordena o Regulamento orgánico municipal, que ela non é ninguén. O Regulamento orgánico municipal é quen llo ordena.

O Sr. alcalde pide orde. A continuación sinala que é un Regulamento orgánico municipal que o seu grupo votou en contra, o grupo de Goberno. Quere aclaralo por se alguén se dá conta que é votar en contra deles mesmos. El non pode obrigar a ninguén a publicar os datos persoais, enderezo ou teléfono, na páxina web do concello, sen autorización da persoa, pola Lei de protección de datos.

Dille á Sra. concelleira de EU que el escoitouna tranquilamente, e continúa dicindo que non pode facelo por unha sinxela razón, porque a continuación deses datos pon os bens que ten esa persoa. Ponlle o enderezo ao caco para que vaia á casa desa persoa, lle poña unha pistola e lle diga: "agora imos a Abanca, que é onde ten vostede o diñeiro.

Pídelle á Sra. concelleira que non se ría, que máis dun caso viu. Pídelle por dúas veces que non se ría.

Continúa dicindo que el non vai publicar nada, de ningún dos concelleiros, sen a súa autorización expresa, na páxina web do concello. As que están, están publicadas coa súa autorización, as que están. Di que a súa nómina non ten ningún problema en poñela na páxina web, pediralle ao que manexa a páxina web, que é Hugo, que mañá poña a súa nómina na páxina web do concello, ou se mañá está de vacacións, poñeralla o luns.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López pregunta se lle pode explicar entón por que lle di a ela persoalmente en decembro que o vai publicar. Pregunta a que xogan, que lle pasou

ese día.

O Sr. alcalde contesta que non cría que ía ter a oposición da xente para publicar iso.

A Sra. concelleira pregunta pola del.

O Sr. alcalde di que a súa ten o seu intringulis, se ela quere, dálla a ela persoalmente, e ela que faga con ela o uso que queira.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que non a quere para nada, non lle interesa en absoluto, pero conclúe dicindo que están incumprindo o Regulamento orgánico municipal.

### **Rogos do BNG presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/5990 o día 28 de xullo de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Rogamos informen da planificación existente para contar cun grupo de rock galego de primeiro nivel na programación festiva e cultural de Cambre para o presente ano.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, explica que dentro da planificación festiva e cultural de Cambre, apostan sempre polos grupos locais, por riba galegos, claro, como se pode ver nas Noites Rock que se celebraron hai uns días. No concerto de mañá tamén actúan dous grupos galegos.

Dentro desa planificación tamén lle pode dicir que dentro de dúas semanas terán algún grupo galego de primeiro nivel que actuará no concello.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, pregunta se hai algunha data concreta ou orientativa.

Don Santiago Manuel Ríos Rama sinala que algún grupo galego tamén poden considerar o concerto de Brothers in Band, que son da Coruña, son galegos, é o 22 de agosto.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que volve ao de sempre e, vale, hai xa que pasar a outro tipo de linguaxe co Sr. concelleiro. Di que el debe ter cara de parvo, o asume, pero dáse a feliz circunstancia, para el e para o seu grupo político, que representan a poucos cambreses, pero a uns poucos si, que non son parvos. Di que aquí historicamente conseguiu un logro no Rock in Cambre, que foi que houbera presenza dun grupo de rock en galego, ese idioma que hai.

Don Santiago Manuel Ríos Rama di que xa, que el estalle falando en galego, tamén fala galego, non é un idioma descoñecido para el.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que lle parece estupendo que se dea conta de que fala galego. Seguro que Brothers in Band fará unha música estupenda pero, en fin, non habitualmente a maior parte dela en galego. Polo tanto, este concello,

que ten ademais un plan de normalización lingüística, e que asume como un acervo propio a normalización do idioma galego, etc., conseguiu que nun festival de primeira orde como é o Rock in Cambre, se incorporase un grupo de rock en galego. Este ano non puido ser, así o explicou o Sr. concelleiro, por determinadas circunstancias, e el, con toda a boa fe do mundo, falou co Sr. concelleiro en varias ocasións do tema e el díxolle que antes de fin de ano, neste ano, vai haber un grupo de rock en galego, de primeiro nivel, rock bravú, non sabe como chamarlle xa. Cre que se entenden.

Don Santiago Manuel Ríos Rama di que el dixo bravú, non lle dixo que non, dixo que ía haber un grupo de rock en galego.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que agora lle vén con Brothers in Band e demais e a el non lle gusta que lle tomen o pelo.

Don Santiago Manuel Ríos Rama di que non lle está tomando o pelo.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que está ben, que así se entende e reitera que, por favor, non lle tome o pelo.

O Sr. alcalde rógalle ao Sr. Carballada respecto.

Don Daniel Carballada Rodríguez sinala que recíproco, sempre, si.

O Sr. alcalde expón que están nunha institución pública, os insultos e as palabras malsoantes, el non sabe a que veñen, porque el entende que para exercer a política non hai necesidade deles.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que por suposto que si, e el pídelle desculpas, pero tamén lle di que hai outra maneira de facerlle menosprezo á xente e ao seu labor político, que tomarlle o pelo. Di que eles procuran non facelo, poden ser un pouco irónicos, ben, pero non facelo.

Cre que se entende perfectamente o sentido deste rogo, e o que se entende por un grupo de rock en galego. E está convencido de que o Sr. concelleiro de Cultura tamén o entende, polo tanto, pregaríalle que de agora en diante, na medida do posible respondera ao rogo, que non pretenda aquí unha disquisición filosofal do que é un grupo ou que música fai determinado grupo. Cre que todos se entenden, e el, persoalmente, cre que sería mellor cartel para o Rock in Cambre contar cun grupo de rock en galego, porque máis aló do concepto de normalización lingüística e de dignificación do idioma, chegarían a un público máis amplo. Non pode ser así no Rock in Cambre, pois agardan que sexa noutro certame, e a el gustaríalle, e así llo preguntará no vindeiro pleno, que lle diga en que certame, porque se vai facer algo novo ou algo a maiores, o BNG estará sempre total e absolutamente con pleno apoio e con plena disposición a colaborar e a que iso tire para adiante. Pola súa parte, con respecto a este rogo, nada máis.

O Sr. alcalde dille que moi ben e que el non quería chamarlle a atención, pero que xa llo dixo o outro día, e pide que llo tome de verdade, repítello outra vez e non é con ánimo de ofender nin nada. El díxolle o outro día que, por favor, cando faga unha

pregunta, a redacte da maneira que poidan entendela, porque non é o mesmo, e dillo de verdade, sen ningunha acritude como se adoita dicir, non é o mesmo dicir un grupo de rock galego, que un grupo de rock en galego, e o Sr. Carballada, que defende o idioma, sabe que non é o mesmo. Un grupo de rock galego é un que vive en Galicia, e un grupo de rock en galego é un que canta en galego. As cousas son distintas.

Continúa dicíndolle que el lle pode asegurar que cando estiveron discutindo este rogo, tiveron esa dúbida, pódello asegurar. Pero vai seguir, porque agora van ao segundo rogo, e pasoulles exactamente igual e xa llo dixo no pleno pasado. Pídelle ao Sr. Carballada que se fixe no que pode entender unha persoa que lle ten que responder, porque claro, o Sr. concelleiro fai a pregunta para obter unha resposta, pero pídelle que lea antes o rogo tal e como está escrito.

Don Daniel Carballada Rodríguez contesta que o vai ler, pero que non pode deixar de responder a isto. Dille que para sucesivas dúbidas ten o seu número de teléfono, operativo as 24 horas, se non contesta no momento devolve a chamada, pero a maiores dille que este rogo é en certa maneira a continuación dun rogo presentado nun pleno anterior, é algo que ten saído incluso a nivel de prensa, etc., e que ten falado varias veces co seu concelleiro, e el está convencido de que o concelleiro de Cultura pode deducir que ante unha cuestión que é tamén dende un punto de vista lingüístico susceptible de debate, que é rock galego, efectivamente pode ser esa acepción, da mesma maneira que cando din literatura galega falan principalmente da literatura que se fai en galego, ou cando falan de gastronomía galega, o mesmo, é dicir, referímonos ao que todos entendemos por gastronomía galega, non, por poñer por caso, a un gazpacho feito en Galicia. Pregunta se iso é gastronomía galega, igual para eles si, para el, non.

En tal caso, xa lles di, que o chamen, porque non hai ningún problema e el cre que Santiago Ríos que é un concelleiro para determinadas cuestións, pois en fin, eficiente, e o BNG así llo ten recoñecido no pleno municipal, o sabe de sobra. Pero cando queren levar o tema, a brasa á sardiña propia, pasan estas cousas.

2º Rogamos informen do estado do treito inicial da rúa Samosteiro e dos plans de actuación do concello.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, dille ao Sr. alcalde que isto tamén vén dun rogo anterior que lle fixo ao concelleiro de Obras, está seguro de que o concelleiro de Obras sabe de que vai o tema e está convencido de que lle vai dar unha resposta eficiente.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que efectivamente vén dun rogo anterior. Non actuaron aínda alí, agarda que a semana que vén, que van andar coa pala por alí, poidan sacar a terra que está invadindo a estrada.

Don Daniel Carballada Rodríguez agradece a resposta e aproveita ademais aquí publicamente para dicir que estas semanas pasadas tiveron que realizar unha serie de xestións relativas a un tema complexo, como é o da roza, que se explicou recentemente nas comisións municipais, e outro tipo de cuestións, concretamente no

lugar de Meixigo, e quere dicir publicamente que as xestións levadas a cabo polo Sr. Marante foron rápidas e eficientes e estanlle agradecidos.

### **4.3. Preguntas**

#### **Preguntas de UxC presentadas por escrito para o pleno do día 26 de xuño de 2014**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/5058 o día 21 de xuño de 2014.

1ª Despois das suxestións dalgúns empresarios de hostalaría respecto da ordenanza de terrazas, ten pensado facer algunha modificación á ordenanza?

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, explica que lles pasaron hai pouco todas as alegacións, pero gustaríalles saber se teñen pensado facer algunha modificación a esa ordenanza.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que lles pasaron fotocopia de todas as suxestións, un informe onde dende a súa área foron alegando e recollendo as suxestións que lles parecía que estaban ben e desestimando outras, e o motivo de que llelo entregara era que se puidera estudar por todos os grupos políticos e puideran tratalas antes de levala ao próximo pleno.

2ª Despois de aprobar a ordenanza na que se regula a instalación de paneis publicitarios, preguntamos se todos os paneis están legalizados ou cantas denuncias se realizaron por parte do concello.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que están aínda en proceso. Teñen un informe feito pola Sección de Planeamento e Xestión situando todos os carteis e verificando en que tipo de solo se atopan. Fáltalles dar o seguinte paso, que sería denunciar aquelas que non estean legalizables, ou que non estean legalizadas.

O que si lle pode dicir é que a día de hoxe existe unha denuncia, que é polo monoposte situado nas inmediacións á entrada da autoestrada, cre que todos saben cal é, porque é unha cousa xigantesca que hai á entrada. Nestes momentos atópase no proceso de imposición de multas coercitivas.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, agradece a resposta, pero indica que dende que se aprobou a ordenanza el cre que xa pasou moito tempo como para ter en proceso todo isto. Agarda que se solucione antes das eleccións municipais, polo menos saber cales son legais e cales non son legais, para que os partidos políticos que queiran poñer publicidade nos paneis saiban cales son ilegais, e non poñela neles.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que ten o seu compromiso que non tardarán tanto.



### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/5964 o día 26 de xullo de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Os veciños de Cambre téñense levado unha desagradable sorpresa co último recibo de abono de auga e lixo. A cobranza por primeira vez do canon de depuración da EDAR de Bens levou a que o seu importe se teña incrementado considerablemente sen que previamente se lles tivera informado da entrada en vigor deste novo concepto tributario.

Por todo iso este grupo pregunta:

Que medidas se teñen tomado ou se pensan tomar para informar aos veciños da obrigatoriedade de abono do canon de depuración e do seu custo?

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, engade que o incremento foi importante. O recibo viuse incrementado máis ou menos nunha media dun 22%, co cal non tería estado mal que os veciños tiveran noticia de cando ía entrar en vigor iso e que repercusión económica lles ía representar.

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Emprego, contesta que evidentemente farán unha campaña informativa, agora cando pase o mes de agosto, para informar a todos os veciños de cal vai ser a repercusión real da nova taxa. Agora mesmo estase elaborando a ordenanza reguladora e o regulamento e, con base niso, darase cumprida información a todos os veciños de cal vai ser a finalidade e os parámetros que se van aplicar.

2ª Segundo un comunicado feito chegar pola Consellería de Educación aos pais e nais de alumnos do IES Afonso X O Sabio, os rapaces que vivan a menos de dous quilómetros do citado centro non terán dereito a transporte escolar para o próximo curso escolar, a menos que queden prazas baleiras no autobús. Este condicionante facilita á Xunta de Galicia o recorte do número de autobuses e por tanto a que os rapaces que vivan nas rúas da zona do Paraugas e O Temple, non poidan dispor de transporte como tiñan ata o de agora.

Por todo iso este grupo pregunta:

Pode o Goberno municipal garantir que, ao igual que en anos pasados, os alumnos que vivan a menos de dous quilómetros do IES Afonso X O Sabio van dispor de transporte ao centro? E, en todo caso, que xestións se teñen feito para conseguir que esta ameaza non se leve a efecto?

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que en principio ela non ten coñecemento de ningunha restrición, é dicir, os autobuses van ser exactamente os mesmos que o ano anterior. Seguen aplicando a mesma normativa que se aplicou sempre, os que están a unha distancia inferior do seu domicilio aos centros escolares, non teñen dereito a autobús, se hai sitio libre os transportan. En principio ela falou coa dirección do centro hai pouco e é o

que lle comentaron, que non se ten restrinxido nada, que non é nada novo. Este ano hai máis alumnos que o ano anterior e é posible que afecte a alguén, alguén que era transportado sen dereito.

Di que ese é o coñecemento que ten, que non ten habido ningunha restrición e que se segue aplicando a mesma normativa.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que a normativa existía incluso xa anteriormente a este curso, no curso anterior, pero o que é certo é que este é o primeiro curso no que por parte da dirección do IES Afonso X O Sabio se comunicou ás familias esa limitación en canto poder acceder ao transporte.

Evidentemente, pode resultar que como consecuencia desa notificación a Xunta de Galicia, diga a Consellería de Educación, diga pois agora meto un autobús menos, porque hai X nenos que non teñen dereito ao transporte segundo a disposición legal, co cal evidentemente se está recortando un servizo que viña funcionando como un dereito adquirido por eses rapaces, de aí a preocupación das familias por canto isto non se lles tiña comunicado outros anos, e este ano si.

A preocupación desas familias é se vai haber transporte para estes nenos ou non, porque están falando dunha zona moi despexada onde os días de choiva pasar por alí, pola beira do río, e chegar ata a urbanización A Barcala e ao instituto Afonso X O Sabio non é fácil, é algo que hai que ter en conta, por iso eles o que pregan é que se tomen todas as medidas por parte do Goberno municipal para que os rapaces dispoñan o servizo como viñan dispoñendo ata agora, non é nada desatinado, é un tema que hai que ter en conta e por iso o poñen no seu coñecemento.

Conclúe dicindo que farán un seguimento do tema.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que si, que fará o seguimento, pero xa lle di que ela as noticias que ten é que non se ten recortado absolutamente ningún autobús. Cre que iso o fixeron un pouco en previsión, porque este ano houbo un aumento de matrícula, que ao mellor en setembro non hai ningún problema e poden ir igual. Non obstante, ela preocupárase polo tema.

3<sup>a</sup> Hai dez meses o Goberno municipal anunciaba nos medios de comunicación que se ultimaban os detalles para firmar con varios propietarios a cesión dunhas fincas no centro de Cambre, para destinalas a aparcadoiro público. En total disporía de 190 prazas e se informaba de que era intención que estivera en uso a principios do presente ano. Transcorrido o tempo, nada se sabe da citada promesa, e só queda o publicado na prensa.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Para cando se ten pensado poñer en marcha o prometido aparcadoiro público no centro de Cambre?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que teñen mantido recentemente varias reunións cos diferentes propietarios, de feito teñen

convocada unha para mañá a primeira hora. Agardan que xa sexa a última e cheguen a bo porto as negociacións e poidan asinar un convenio con eles.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que agardan que todo chegue a bo porto, porque ese convenio anunciábase xa o 29/09/2013 como practicamente feito. Non hai que esquecer que teñen 110.000 euros de partida nos orzamentos para ese aparcadoiro, que é moi necesario para todos os veciños e para todos os negocios de Cambre. É algo que é moi básico.

### **Preguntas de UxC presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/5950 o día 24 de xullo de 2014.

1ª No parque infantil situado detrás da parada de autobús no Temple, ao lado da Casa das Palmeiras, a palmeira máis grande parece estar secando e as raíces están á vista. Por mor das preguntas que nos fan os veciños, este grupo pregunta ao Goberno municipal se a deterioración da palmeira leva consigo algún perigo, tendo en conta que está nun parque infantil e pegada a unha parada de bus moi transitada.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que consultouno coa empresa que leva o tema dos parques e dinlle que as palmeiras están todas perfectas de saúde, que o comportamento das raíces que ten esa palmeira é igual que o das outras, é o habitual nese tipo de árbore. As ramas que están secas son as que van podar, pero ese tipo de árbore pódase no verán e entón están á espera de poder facelo, e despois xa o aspecto será diferente, porque así, non nesa, senón das outras tamén nalgunhas, as follas e ramas secas que quedan dan mala impresión, pero xa dixo que só se poden podar no verán. Tan pronto poidan supón que quedará resolta esa inxuedanza.

De todos modos confirmáronlles que está en perfecto estado todo.

2ª Preguntamos ao Goberno municipal cando teñen previsto rematar coa roza dos lindes das estradas do concello, tendo en conta que nalgúns sitios faise case imposible transitar, tanto con vehículo como en sendas peonís. E se a empresa que está a traballar cumpre co establecido nas condicións da contrata.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que van retirar este rogo, porque xa contestou o Sr. Marante nas comisións informativas, onde dixo literalmente respecto da roza que “Non rozou nada, mandámoslle e nin puñetero caso. Se lle rescindiré o contrato”. Entón di que xa quedou contestada esta pregunta.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que algo terá que dicir el tamén. Efectivamente esas son cuestións que pasaron así, e están iniciando o expediente de rescisión do contrato por incumprimento, porque a empresa debería ter rozado a día de hoxe practicamente a totalidade das cunetas do concello, e o que ten é practicamente todo sen rozar. Por incumprimento, váiselle iniciar o procedemento para rescindir o contrato a esa empresa, co fin de adxudicalo canto antes a outra, e poder rozar os camiños o antes posible.

3ª Un ano máis seguimos sen que as administracións fagan os seus traballos no Concello de Cambre, preguntamos que ten feito o Goberno para ter en condicións as rotondas existentes en Cambre e que dependen doutras administracións, ao igual que o mantemento da senda do río Mero.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, engade que ten que dicir que as rotondas da Telva e a rotonda de arriba en Sigrás xa teñen cortada a herba, non están ben, pero polo menos teñen cortada a herba, non obstante falta o tema do río Mero.

O Sr. alcalde contesta que están niso, a ver se cortan agora a senda do río Mero, Augas de Galicia, que é a quen lle corresponde cortala. As rotondas cortáronse porque el falou co responsable da Xunta, quen lle mandou un escrito que ten aquí, dicindo que, efectivamente, deron unha a primeiros de ano e que agora daban a segunda. O do río Mero agardan telo resolto tamén en pouco tempo.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que cre lembrar que esas rotondas aínda non se entregaron ao Concello de Cambre, pero non son só as rotondas, senón que a estrada en si ten maleza pegada ao beirado que hai que limpar tamén, que está sen limpar.

En canto ao río Mero di que onte mesmo sacaron unha fotografía e eles mesmos chamaron á Policía local porque había un tractor no río, na zona da Telva, con varia xente traballando alí. Pregunta se teñen coñecemento do que están a facer alí, porque é curioso que estea un tractor de enormes dimensións metido no río, polo menos é curioso.

O Sr. alcalde contesta que é unha brigada de Augas de Galicia que está sacando os troncos das árbores que están no río. Iso el preguntouno, porque non é que el vira ao tractor nin á cuadrilla. Están sacando todas as árbores que como consecuencia do temporal caeron sobre o río ou sobre a senda peonil. Non ten nada que ver coa limpeza da senda peonil, esa a van facer tarde ou cedo. Di que niso el protesta, porque se non, ten que facela o concello e el non está disposto a gastar os cartos dos veciños de Cambre na senda.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/5966 o día 26 de xullo de 2014, xunto coas mocións e rogos presentados para este pleno.

1ª As rúas Martín Codax, Abeleira e Estanque presentan un importante estado de deterioración e abandono dende hai moitos anos, motivo polo que o grupo de EU ten requirido ao Goberno para solucionar o problema.

Por este motivo, veciños/as dos lugares recolleron e entregaron no rexistro do concello centos de sinaturas, solicitando a urbanización e acondicionamento das mencionadas rúas.

Poden informarnos da situación do proxecto de urbanización e dos prazos previstos para o seu arranxo?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que o proxecto de urbanización xa está entregado no concello, xa están co proceso de contratación para realizar a obra urbanizadora. En canto aos prazos, intentarán que sexan o máis breves posibles, non lle pode dicir uns prazos exactos, pero procurar que sexan os máis breves posibles.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que agarda que quede acentuada a palabra brevidade. Todos son conscientes de que esas rúas presentan unhas deficiencias dende hai moitísimos anos, e os veciños están sufrindo as consecuencias da falta de accesibilidade e incluso seguridade.

Tamén di que estes días observou uns valos que hai alí, os valos protectores, aínda que non sabe se protexen xa, da parcela onde se vai facer o centro de saúde e a gardería. Pintaron para aparcar, pero os propios valos impiden o aparcamento, co cal moita xente aparca e o coche queda case á metade no que é o viario, e obriga á xente, ademais, a circular polo centro do viario, porque non poden circular pola beirarrúa. Di que non sabe cal é o motivo para que os valos sigan alí en non se eliminen, porque van persoas cunha cadeira de rodas pola beirarrúa e non poden acceder, teñen que ir para a rúa. E estes días da festa do Burgo tremendos balbordos se armaban alí. Non sabe se teñen coñecemento por parte da Policía local, pero cre que tivo que ir alí máis dunha vez.

Dona Rocío Vila Díaz explica que nesa parcela aínda non está recepcionada a obra urbanizadora, porque a promotora aínda non lles fixo a entrega. O que ela non sabe é por que quedaron mal colocados, vai avisar mañá é que vaia o enxeñeiro a velos e se están mal colocados ou están impedindo o paso de peóns, que pida á empresa que os retire e coloque nun sitio onde siga valada a parcela, pero que non impida o uso de beirarrúas ou que non imposibilite o paso de peóns.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, non ten sentido que pintaran o aparcamento para os vehículos e que estean os valos estorbando, non ten ningún sentido. Agarda que como dixo antes a Sra. concelleira sexa breve a remodelación e a urbanización desas rúas. Os veciños presentaron no rexistro do concello, cre que foi no día de hoxe, 455 sinaturas, e el cre que iso é o suficiente para ver os problemas que continuamente teñen nesas rúas.

2ª Unha boa parte da estrada de Fraís a Espírito Santo, soporta unha importante circulación de tráfico rodado e carece de iluminación pública.

Pode informarnos o Goberno se ten presentado algún proxecto ou iniciativa ante a Deputación provincial para a dotación deste servizo?

O Sr. alcalde contesta que o proxecto non o teñen presentado porque non lles corresponde a eles facelo, o que si lle presentaron á Deputación é a carencia precisamente de iluminación, xa hai tempo diso. A resposta foi inmediata, porque hai un tramo, o primeiro tramo, no que non hai ningunha vivenda, pero a partir de que hai vivendas, xa ten iluminación pública. De todas maneiras, di que el encarecidamente lles dixo que había que poñer algún farol porque é unha vía de acceso ao polígono

industrial e había que poñer, aínda que fose máis separada, algún farol. Contestáronlle que o ían ver no mantemento de estradas. Esa foi a resposta, que van ver agora co planning de mantemento de estradas se as poden poñer.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el cre que coincidirán co seu grupo nesta pregunta, porque, efectivamente, alí non hai ningunha vivenda e a circulación é continua, pero cre que terminar esa vía é unha necesidade, á marxe de que non haxa ningunha vivenda. En Cambre hai outras estradas nas que non hai vivendas que están iluminadas, precisamente cre que hai un proxecto para iluminar unha vía na que tampouco hai ningunha vivenda. El cre que hai que esixirle á Deputación que ilumine esa vía e poña os puntos de luz necesarios para que se poida circular coas mellores medidas de seguridade.

O Sr. alcalde dille que el xa o propuxo por dúas veces, a primeira déronlle esa resposta, el non se calou, e este ano dixéronlle que o ían ver cando fixeran o mantemento das estradas.

3ª A Xunta concedeu 277.000 euros ao Consorcio das Mariñas para un proxecto de eficiencia enerxética, polo que se pretende financiar a renovación da iluminación pública nos concellos participantes.

Poden informarnos sobre como reverterá este proxecto en Cambre?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que a Cambre o que lles vai representar son 11.659,20 euros, IVE incluído, en 18 luminarias que se van cambiar a leds no contorno do museo.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/5990 o día 28 de xullo de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Unha vez rematado o proceso de matrícula nos centros de ensino, hai constancia de crianzas que quedaran sen praza e se teñan que desprazar a outros colexios ou institutos?

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que sen praza nos colexios non quedou ninguén. Si teñen que desprazarse seis nenos do Temple que foron recolocados no colexio de Cambre e en Brexo-Lema, que había prazas libres.

Nos institutos, no Afonso X non hai problema actualmente, de todas maneiras, a Comisión de Escolarización reúnese en setembro, co cal é cando se decide, pero as previsións son que se escolaricen a todos os solicitantes. Iso é en principio o que lle dixeron.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, pregunta se seis nenos é un número menor que outros anos.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel dille que si, que bastante menor. Este ano hai prazas libres no colexio de Cambre, no de Brexo-Lema e no colexio de Sigrás. Hai prazas libres en todos os centros exceptuando no Graxal.

2<sup>a</sup> É posible, sequera temporalmente e supoñemos que en común acordo con Culleredo, mellorar a iluminación peonil da ponte medieval?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que a ponte medieval ten un aglomerado que se arranxaba e desaparecía, volvía arranxarse e volvía desaparecer, polo que ao final desistiuse de reparalo. Entón, falouse con Culleredo, haberá dous anos ou así, máis ou menos, concretamente el contactou con eles para ver a posibilidade de poñer uns proxectores, un na zona do Paraugas e outro na parte de Culleredo. Non encaixou moi ben o tema, porque había que falar con Patrimonio, etc., etc. Logo empezou a poñerse un pouco en marcha o tema da rotonda, do Paraugas, todo ese tema, e aí quedou a cousa parada.

Conclúe dicindo que agora, unha vez que se poña a iluminación na ponte nova, como vai precisamente cara a aquel lado da ponte vella medieval, a ver se dá un pouco de claridade, se non, haberá que volver retomar outro tipo de iluminación como xa tiñan comentado anteriormente.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e cinco minutos, do que eu, secretaria por delegación, certifico.

O presidente

A secretaria por delegación

Manuel Rivas Caridad

Verónica M<sup>a</sup> Otero López